



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO UNIVERSITARIO

Curso 2022-2023

VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE

CURSO 2022-2023

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En cumprimento do establecido no artigo 12 do Estatuto do valedor da Comunidade Universitaria preséntase ante o Claustro este informe da xestión realizada entre o 1 de setembro de 2022 e o 31 de xullo de 2023.

Artigo 12: *Do informe anual*

O valedor dará conta anualmente das súas actividades ao Claustro Universitario mediante un informe que incluírá as propostas de mellora que estime oportunas.

ÍNDICE

1.-	Funcionamento do Valedor.....	6
2.-	Actuacións.....	8
	2.1.- Consultas.....	8
	2.2.- Mediacións.....	8
	2.3.- Queixas.....	8
3.-	Conclusións.....	67
4.-	Referencias estatísticas.....	70

1.- FUNCIONAMENTO DO VALEDOR

Tal como ven sendo o funcionamento característico da institución, enfócase dende unha dobre perspectiva:

- supervisar a actuación da Universidade co fin de corrixir as posibles irregularidades, demoras ou silencios e todos os indicios de arbitrariedade nas actuacións dos órganos administrativos e docentes.
- cooperar cos órganos de goberno da Universidade na procura de solucións aos problemas expostos mediante a aportación de suxestións e recomendacións debidamente razoadas. As solucións que se propoñan axudarán a que a Autoridade Universitaria non se manteña encorsetada na normativa actual, senón que dentro do respecto aos Estatutos a revise e se interese tanto na renovación dos regulamentos como na súa prudente interpretación.

Como formas de traballo séguense mantendo as habituais indicadas nos anteriores informes:

- *consulta diaria*, un traballo de información e orientación.

- *intervencións*, actuacións que se resolven sen necesitar ditame nin recomendación por escrito, mediante xestións persoais ou telefónicas diante dos órganos ou servizos obxecto da queixa.

- *expedientes*, naqueles casos que a súa complexidade obriga a solicitar informes e pedir ditames e que poden rematar cunha recomendación á correspondente autoridade académica.

- *mediacións*, ou actuacións solicitadas por un membro da comunidade universitaria, un colectivo ou a mesma autoridade universitaria.

No labor diario, constátase que a consulta persoal, por correo electrónico ou telefónica, que non necesariamente dá lugar á presentación dunha queixa, é a forma máis frecuente en que os membros da comunidade universitaria, principalmente os e as estudantes, se dirixen ao Valedor. A maioría destas consultas teñen como obxecto recadar información sobre dereitos e sobre o procedemento a seguir para reclamar o respecto dos mesmos.



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Curso 2022-2023

2.- ACTUACIONES

2.1.- CONSULTAS

Non é infrecuente que membros da comunidade universitaria fagan chegar comunicacións fundamentalmente por medios telefónicos ou telemáticos que, por diferentes motivos, non adoitan traducirse na presentación dunha queixa. Trátase neste caso de solicitudes de axuda, consello ou demanda de información con vista a levar a cabo algún tipo de actuación.

No curso obxecto desta memoria recibíronse 68 consultas que é un número similar ás recibidas nos cursos precedentes. A temática nun 51,48% relacionouse con aspectos “docentes e de avaliación” ou con cuestións relativas a “procedementos de xestión”. No primeiro caso foron 21 consultas, é dicir, un 30,89% e no segundo caso 14, o que supón un 20,59%. Cunha incidencia bastante menor (11,76%) aparece o tema de “servizos” e por último cun 36,76% (25 consultas) unha serie de cuestións nas que se observa unha grande variabilidade na súa temática cousa que fai practicamente imposible clasificalas nunha única categoría. Dentro destas se cabe pódese salientar o tema de “relacións interpersoais” pola súa incidencia (16%).

Polo que atinxe a orixe das consultas, máis da metade foron feitas polo alumnado (61,76%), o 27,95% polo PDI e só un 2,94% polo PTXAS.

2.2.- MEDIACIONES

M- 2022/01

Alumna que solicitaba con data 10 de outubro de 2022 a anulación da matrícula que tiña formalizado o día 30 de setembro nun máster alegando motivos económicos.

Feitas xestións ante a Secretaría Xeral da USC, indicánnos que non procede entrar a considerar a súa solicitude porque os prazos son os que están establecidos e publicados previamente na Convocatoria de Matrícula do curso académico 2022/2023.

Así pois, entendemos que a única opción que lle resta sería acudir á vía contencioso-administrativa, o que se lle traslada á interesada.

2.3.- QUEIXAS

Q 2209/01

Foi presentado un escrito por unha estudante dun Máster Universitario motivado pola que considera incorrecta composicións dos tribunais de defensa do traballo de fin de máster, nos que non se designan suplentes, ausencia que indica é sistemática na conformación dos tribunais.

Admitida a queixa a trámite solicitouse un informe á Sra. coordinadora do Máster, quen remitiu o mesmo no que se indicaba:

“1. No tocante ao primeiro punto da reclamación: “ausencia inustificada dun membro do tribunal, tras existir unha resolución definitiva estipulando a data e hora do mesmo”:

- Con data 13/07/2022 o decanato da Facultade solicita á coordinación do máster un informe sobre a queixa presentada por esta alumna na Oficina de Análise de Reclamacións da USC, en relación coa incidencia ocorrida na comisión avaliadora do seu traballo fin de máster.

- Con data 18/07/2022 a coordinación do máster envía ao decanato da Facultade o informe requirido, así como outro sobre a incomparecencia inustificada dun docente a cinco tribunais, entre eles o da alumna que presenta a presente queixa.

2. No que atinxe ao segundo punto da reclamación “incorrecta composición dos tribunais, que corren a cargo da coordinación do mestrado”:

- A composición dos tribunais avaliadores dos traballos fin de máster atende ao estipulado na normativa vixente, se ben existen as seguintes circunstancias que dificultan a convocatoria dun membro suplente:

1) O sistema para xerar as actas en Xescampus non permite introducir un suplente, soamente presidente, vogal e secretario/a e coordinador/a. Polo tanto, non parece razoable convocar a un suplente que non teña acceso ao traballo depositado polo alumnado na Secretaría Virtual.

2) Se un membro do tribunal non comparece, pero avisa da súa ausencia cunha antelación mínima de 24 ou 48 horas, a coordinación convoca a un suplente, dándolle acceso ao traballo a través da acta modificada. O profesorado do máster participa nunha media de 6 defensas, algún chega incluso ata os 10-12 traballos na oportunidade de xullo, polo que é razoable dispor dun tempo extra para a consulta do/s novo/s traballo/s.

3) Se un membro do tribunal non comparece e non comunica a súa ausencia, o razoable sería que o tribunal puidera actuar con dous membros, a efectos de non prexudicar ao estudante convocado. Semella pouco rigoroso que na aula estea presente un suplente, polo que poida suceder, sen acceso ao traballo.

4) A coordinación organiza as comisións avaliadoras de xeito pormenorizado, practicamente individualizado, atendendo tanto ás liñas temáticas do traballo como á especialidade e/ou itinerario do alumnado e a área de coñecemento do seu titor/a. Dado o elevado volume de estudantes matriculados no TFM, 223 no curso 2021-2022 e 233 no curso 2022-2023 soamente no campus de Santiago, a súa configuración, atendendo aos criterios citados, convértese nunha tarefa moi complexa, tendo en conta, ademais, que a única modalidade de defensa do traballo é ante un tribunal, pois non existe a posibilidade de defensa ante titor/a. Resulta de moi difícil aplicación a indicación de nomear un suplente por tribunal, nun máster con tanto alumnado e cunha única modalidade de defensa.

Por todo isto, a coordinación entende que a Comisión do Título, como órgano colexiado encargado de velar pola súa xestión, debe revisar o sistema para a conformación dos tribunais de avaliación do traballo fin de máster, e que a institución debe dar solución ás eivas detectadas tanto no sistema Xescampus como na modalidade de defensa dos traballos nunha titulación con tantos estudantes matriculados.”

Con posterioridade solicitouse informe á Sra. vicerreitora de Titulacións e Internacionalización, no que se indicaba o seguinte:

“1. A normativa reguladora da composición dos tribunais avaliadores dos traballos de fin de titulación é o Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na USC, aprobado en Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016.

2. No artigo 6 (Avaliación) da norma citada, figura a composición dos tribunais. Nese artigo indícase que “Os tribunais estarán formados por tres membros e, polo menos un suplente, que substituirá, de ser o caso, ao membro ausente”.

3. No informe presentado pola coordinadora do Máster confírmase a inasistencia do profesor previsto para presidir o tribunal correspondente á alumna que presenta a queixa. Así mesmo, indica as dificultades para asignar un/unha profesor/a substituto/a para os numerosos tribunais de TFM desta titulación, polo que de xeito habitual organizan os tribunais sen prever o profesorado suplente.

4. As dificultades que indica a coordinadora non poden servir como escusa para deixar sen designar as persoas suplentes. En todo caso, a Comisión Académica do Máster debería ter consultado coa Secretaría Xeral (con competencias sobre as actas e os sistemas de avaliación) a forma de actuar no caso específico desta titulación, na que é preceptiva a defensa ante un tribunal, e tendo en conta o número elevado de estudantado matriculado.”

Polo que o anterior informe foi trasladado á Sra. coordinadora do Máster Universitario indicándolle que como se desprende do mesmo, é necesario ter en conta o sinalado no parágrafo 4 en sucesivas convocatorias para cumprir o establecido na normativa.

Q 2209/02

Foi presentado un escrito por un estudante en relación con distintos aspectos do funcionamento das instalacións deportivas da USC e facendo unha suxestión de propostas de mellora.

No informe solicitado ao *Sr. delegado do reitor para o Deporte*, expón o seguinte:

“PRIMEIRO. Pedíralle que lle trasladara ao estudante o agradecemento da Área Deportiva e o meu en particular por terlle remitido a vostede suxestións para un mellor funcionamento das instalacións deportivas da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Valoramos moi positivamente aportacións construtivas que contribúen, sen dúbida, a unha mellor prestación do servizo e accións de mellora.

SEGUNDO. A Área Deportiva da USC, como non podía ser doutro xeito, basea a súa actuación no cumprimento do establecido nos estatutos da USC, que como ben sinala o estudante “estimulará la participación en las actividades físico-deportivas de todos los miembros de la comunidad universitaria y de la ciudadanía en general (artigo 157.2)”. De tal xeito, xa no segundo semestre do curso pasado e especialmente neste 2022/2023, recuperáronse actividades físico-deportivas que se estaban levando a cabo con anterioridade á pandemia e estanse deseñando e implementando algunhas novas, precisamente coa finalidade de fomentar a participación da comunidade universitaria.

TERCEIRO. Centrándonos xa nas peticións do alumno dáselle resposta a continuación a cada unha delas seguindo a mesma orde da súa exposición:

1. Xa se retiraron das instalacións todas as normas vinculadas á pandemia da COVID-19.

2. Na actualidade xa non existen restricións vinculadas á pandemia. A capacidade establecida vén determinada polas dimensións dos espazos en atención ao Código Técnico de Edificación e outros documentos de seguridade, así como polo número de postos dispoñibles no caso da sala de acondicionamento físico (SAF).
3. A SAF é un dos servizos máis demandados pola comunidade universitaria. De tal xeito, estableceuse un sistema de reserva que lle permita ao usuario organizar os seus tempos de práctica físico-deportiva con garantías de práctica, entendendo que 1 hora e 30 minutos, o permite. Non obstante, sempre estamos valorando outras opcións que garantan, por unha banda, que non se supere a capacidade máxima da instalación e, por outra, non ter que vernos na situación de impedir de forma continuada o acceso a usuarios, por non ter un sistema de entradas e saídas previsible.
4. As persoas que supervisan e dinamizan a sala levan un control diario de aforo nas diferentes franxas horarias, o que nos permite coñecer a ocupación en cada franxa horaria, situándose xa gran parte do día preto do límite da capacidade. Por este motivo é importante que os/as usuarios/as accedan á sala na franxa correspondente para optimizar o tempo dispoñible para a práctica. Non obstante, no caso de que a ocupación sexa baixa, non se expulsa a ninguén, permitindo ampliar a súa estadía na sala cando o/a usuario/a o solicita.
5. Se aínda existen prazas libre no tramo horario correspondente, pode reservarse incluso ao chegar á instalación na mesma conserxería ou desde o dispositivo electrónico da persoa usuaria.
6. Debido á capacidade máxima establecida na actualidade para a SAF polos motivos xa expostos no apartado 2, estase levando a cabo unha apertura progresiva de acceso ás diferentes categorías (A, B e C), tendo en conta a avaliación continuada e diaria dos usos que se está realizando nas diferentes franxas horarias. A finalidade desta apertura progresiva é a de dar un servizo adecuado aos usuarios que adquiren a súa entrada/abono para poder garantirles que poderán realizar a súa actividade físico-deportiva con garantías de dispoñibilidade dos espazos e dos elementos necesarios.
7. Non nos consta que o persoal da instalación non estea no seu posto de traballo.”

Q 2209/03 - Recomendación

Foi presentado por un escrito por un membro do Persoal Docente e Investigador da USC en relación co posible uso improcedente de vehículos adquiridos con cargo a proxectos. No escrito expón:

“Presento una queja por la ausencia de control que tiene el parque móvil de la USC en relación con los vehículos que se han comprado con las partidas correspondientes a proyectos y/o contratos de investigación. De forma clara, a mi entender, estos vehículos deberían de ser utilizados por los miembros de los grupos de investigación para el desarrollo de su trabajo (p.ej. muestreos). Dada la ausencia de control, sería posible que alguno de estos vehículos se destine de forma habitual a un uso particular. El empleo para un uso ajeno al propio de la institución, podría ser aún más grave cuando los seguros, el mantenimiento, etc. de estos vehículos recae en el presupuesto de la USC.”

Á vista do exposto na queixa, recomendo que se verifique a exactitude do expresado na mesma, e de corroborarse a certeza dos feitos expostos se adopten as medidas oportunas para que en todo caso se faga un uso apropiado do parque móbil da Universidade.

Con posterioridade o Sr. xerente da USC informou das actuacións levadas a cabo en relación coa recomendación efectuada por este valedor, indicando:

“Que esta Xerencia está en proceso de tramitación dunha nova normativa sobre o uso de vehículos institucionais e que será obxecto da correspondente aprobación polo Consello de Goberno.”

Q 2209/04

Foi presentado un escrito por unha integrante do Persoal Docente e Investigador, ao considerar que non se seguiron as bases establecidas na Convocatoria para a cobertura de prazas nun Curso (título propio da USC) na Escola.

A Sra. vicerreitora de Titulacións e Internacionalización da USC tennos remitido o informe que foi elaborado dende a Escola, no que se expón o seguinte:

- “1. Con data de 21 de xaneiro de 2022 publicouse no BOE a convocatoria para as probas de acceso ao Curso. As probas para as distintas especialidades foron realizadas, de xeito presencial, os días 15, 16 e 17 de xullo de 2022 na sede da Escola en Santiago de Compostela. A proba correspondente á especialidade relacionada con esta queixa (6 prazas) tivo lugar o día 17 de xullo a partir das 16:30 horas.
2. Como resultado das audicións para a especialidade resultaron admitidas catro persoas dun total de nove aspirantes, tal e como consta no anexo á acta elaborada pola comisión de selección.
3. As restantes persoas aspirantes non foron admitidas nin incluídas nunha lista de agarda xa que ningunha delas alcanzou unha valoración igual ou superior a 5, dado que non cumprían cos requisitos técnicos que, a criterio dos membros da comisión de selección, son imprescindibles para formar parte do alumnado do Curso.”

Ademais informóuselle á presentadora da queixa que se mantivo unha reunión coa Sra. vicerreitora para aclarar algunhas cuestións expostas no informe e co fin de que se tutele que as convocatorias do Curso cumpran os requisitos e estándares que rexen na Universidade de Santiago de Compostela.

Q 2209/05

Foi presentado un escrito por unha alumna, motivado pola non aplicación no curso 2021/2022 da exención do pagamento dos prezos públicos de matrícula nun Máster polos créditos nos que obtivo matrícula de honra no curso anterior no Grao.

No informe solicitado, a Sra. directora da Área Académica da USC xustifica o seguinte:

I.- A modo de antecedente necesario cómpre salientar que o Grao pertence á rama de Artes e Humanidades, a vez, o Máster vencéllase á rama de Ciencias Sociais e Xurídicas

II.- Asemade, o Decreto 103/2021, do 1 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2021/22, norma á que se remite a convocatoria de matrícula da USC e que resulta vinculante para as Universidades do SUG, dispón no seu corpo:

“Artigo 11. Matrículas de honra

1. O alumnado de grao e de máster universitario que obteña créditos coa mención de matrícula de honra estará exento do pagamento dos prezos públicos fixados na tarifa primeira do anexo para a primeira matrícula, nun número equivalente dos créditos de que consten as materias en que obtívese a dita mención, no curso académico inmediatamente seguinte a aquel en que obteña a dita mención, sempre que pertencan aos mesmos estudos ou a estudos da mesma rama de coñecemento.

Esta exención aplicarase do mesmo xeito no caso de cursar unha segunda titulación de grao ou máster universitario, na mesma rama de coñecemento e no curso inmediatamente seguinte a aquel en que se obtivo a dita mención.”

III.- Á vista do alegado e atendendo ao artigo 11 do Decreto 103/2021, non resulta aplicable a exención solicitada pola alumno ao non cumprirse as esixencias de que o Máster (rama de Ciencias Xurídicas e Sociais) pertenza “aos mesmos estudos ou a estudos da mesma rama de coñecemento” que o Grao (Rama de Artes e Humanidades).

En definitiva, o artigo 11 do Decreto 103/2021, non permite aplicar a exención cando se trata de estudos pertencentes a distinta rama de coñecemento, con independencia da especialidade (criterio non considerado normativamente), de aí que a alumna non poda resultar beneficiaria obxectiva da exención nos termos pretendidos. “

Q 2209/06

Unha alumna presentou un escrito referido á denegación dunha solicitude de exención de prezos de matrícula por formar parte dunha familia monoparental. No seu escrito indicaba:

“Primeiro. Estou matriculada no primeiro curso do Grao da Universidade de Santiago de Compostela. Xunto coa miña filla formo unha familia monoparental. Para acreditalo, achego unha fotocopia do libro de familia e o certificado de empadramento.

Segundo. Dentro da convocatoria de matrícula en estudos universitarios oficiais de grao, máster universitario, doutoramento e en titulacións propias impartidas na universidade para o curso académico 2022/23, na alínea “62.4 BENEFICIARIOS DE FAMILIAS NUMEROSAS”, a USC contempla unha exención de prezos para as familias numerosas, facendo referencia á Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas. Pola contra, non contempla ningunha exención para as familias monoparentais.

Terceiro. Ao abeiro do disposto na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, as familias monoparentais, clasificadas como grupos de familias de especial consideración —ao igual que as familias numerosas—, merecen unha protección especial.

Cuarto. O día 8 de agosto de 2022 solicitei á Unidade de Xestión Académica unha exención de prezos, que me foi denegada o 12 de agosto.

Quinto. Considero que existe unha falta de equidade manifesta. O resultado é a discriminación das familias monoparentais, que a universidade —como transmisora esencial de valores e motor para acadar unha sociedade máis tolerante e equitativa— debe corrixir.

Polo anteriormente exposto, SOLICITO que a USC analice a situación e estableza unha exención de prezos para as familias monoparentais. Deste xeito, non só demostrará o seu compromiso co progreso social, senón que será tamén un exemplo para a súa contorna.”

Á vista do exposto no escrito é preciso facer a seguinte consideración:

Respecto ao indicado no apartado *Cuarto* informóuselle que a Unidade de Xestión Académica, e en consecuencia a USC, está a aplicar o establecido no *DECRETO 121/2022, do 23 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2022/23* aprobado pola Xunta de Galicia non recolle a exención para familias monoparentais xa que o Artigo 12 que regula as exencións no apartado 3, só indica o seguinte:

“En aplicación do establecido na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, e no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro, e na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o alumnado membro de familia numerosa de categoría especial está exento do pagamento dos prezos públicos e taxas previstos no anexo deste decreto. O alumnado membro de familia numerosa de categoría xeral gozará dunha bonificación do 50 % dos ditos prezos e taxas. A condición de familia numerosa deberá acreditarse mediante documento oficial expedido pola Administración autonómica competente.”

Por todo o exposto anteriormente, comunicóuselle que o seu escrito non podía ser admitido a trámite como unha queixa ao non apreciar que se estea a conculcar algún dos seus dereitos.

E respecto á súa solicitude para que “a USC analice a situación e estableza unha exención de prezos para as familias monoparentais” indicóuselle que esa é competencia da Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades, que fixa anualmente no correspondente Decreto os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia, así como as exencións aos mesmos.

No entanto remitimos o mesmo ás autoridades académicas da USC por se consideran oportuno trasladarlle á Consellaría competente a adopción de medidas para proceder á inclusión da condición de familia monoparental como causa de exención nos vindeiros Decretos de prezos públicos.

Enviamos á Dirección da Área Académica da USC o escrito, e en relación con esa comunicación veñen de informar que a terán en conta “de cara ao seu traslado ás autoridades competentes”.

Q 2209/07

Foi presentado un escrito por unha estudante de intercambio nacional motivado polo procedemento de asignación de servizos hospitalarios dentro dunha materia dun Grao, indicando que os alumnos de intercambio non poden escoller en pé de igualdade distintas unidades/servizos hospitalarios para desenvolver as prácticas pois cando se lles ofertan xa están ocupadas polo alumnado da USC, e ademais no caso concreto desta alumna foille asignado un servizo que non corresponde co establecido na guía docente da materia.

Solicitado informe ao respecto dende o centro xustifican o seguinte:

- “ O alumnado é convocado a un acto de elección tódolos anos a finais do mes de xullo para que escollan destino de atención primaria (AP), xa que as prazas das que se dispón na cidade de Santiago non son suficientes para todo o alumnado tendo, por tanto, que desprazarse a outros centros de saúde da área sanitaria. Neste acto de elección sempre se reserva un número de prazas para asignar o alumnado de intercambio entrante que precise realizar prácticas en AP, xa que o estudantado de mobilidade entrante en ningún caso se lle asignan prácticas fora da cidade.
- Con respecto á asignación das unidades/servizos de atención especializada (ámbito hospitalario), é preciso dicir que o alumnado non escolle estes destinos, senón que se lle asignan tendo en conta rotacións previas. Por este motivo, e co fin de coñecer as súas necesidades formativas, o alumnado de intercambio é convocado a unha reunión que permita evitar duplicidades nas rotacións das prácticas.
- A planificación anual das prácticas desenvólvese tras a reunión co alumnado, no mes de xullo. Sen embargo, o alumnado de intercambio recíbese durante o mes de setembro, e convócase a unha reunión uns días antes da súa incorporación ás prácticas e cando xa se atopan na cidade. Non é posible realizar unha planificación conxunta de todo o alumnado de 4º curso do Grao con tan pouco tempo de antelación.
- En relación cos obxectivos da materia Prácticas Tuteladas (PT) V, e tamén PT VI, faise preciso aclarar que o alumnado que cursa estas materias desenvolve as prácticas en unidades ou servizos considerados especiais, onde se require unha formación específica debido a especial complexidade dos coidados de enfermería que prestan nesas unidades, como son as unidades de críticos, hospitais de día, urxencias, bloque cirúrxico, unidades de saúde mental, área pediátrica e, por suposto, radioloxía.”

Q 2209/08

Queixa presentada por unha alumna á que se lle comunicara que tiña que repetir o acto de defensa do seu TFM por un defecto na conformación do tribunal.

Feitas as xestións oportunas confírmannos que finalmente tense solucionado o problema descrito na queixa ao producirse a avaliación correspondente do TFM sen necesidade de repetir o acto de defensa.

Q 2210/01

Foi presentado un escrito por unha estudante egresada motivado pola esixencia de pagamento dunha tarifa pola expedición dunha certificación académica en castelán, que pretende facer valer fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

O informe solicitado á Secretaría Xeral da USC, xustifica o seguinte:

“a) O prezo por expedición de Certificacións Académicas está fixado polo Decreto da Xunta de Galicia, polo que se fixan os prezos públicos por matrícula.

b) Neste Decreto non se contempla a posibilidade de “duplicados” nin a expedición de “copias” nin “traducións”, polo que cada certificación que se expida debe abonarse integramente.

c) O alumnado no momento de solicitar un certificado debe indicar, ademais do seu contido dentro das opcións establecidas, o idioma no que se vai a expedir, indicando claramente que no caso de non elixir expedirse en galego.

d) En consecuencia, cando o alumnado necesite un novo certificado no mesmo idioma ou en idioma diferente, deberá abonar as correspondentes tarifas.

Neste caso concreto cabe sinalar ademais que:

No seu momento a estudante solicitou a expedición dun certificado académico sen indicación expresa de que se emitise en castelán.

A referencia legal indicada é de aplicación no momento en que a persoa interesada solicita a expedición do certificado. Non é aplicable unha vez que rematou o procedemento coa expedición e entrega do certificado, como é este caso.

Estamos ante un caso claro dunha nova solicitude de expedición dun certificado para o que é necesario o pago da taxa correspondente de acordo coa normativa de aplicación.”

Q 2210/02

Foi presentado un escrito por un membro do PDI motivado polo procedemento de baremo nos procesos selectivos de persoal axudante doutor recollido no *Regulamento de selección de profesorado non permanente* da USC.

Recibiuse o informe xustificativo remitido polo Sr. vicerreitor de Profesorado, no que indica o seguinte:

“1. No referido baremo figura, dentro do apartado 2 ("Postos desempeñados no ámbito da Universidade e de Organismos Públicos de Investigación"), un subapartado 2.2 no que se valoran as "Bolsas e contratos de investigación posdoutorais obtidos no marco de programas competitivos de recursos humanos, en programas propios das universidades e programas de ámbito autonómico, estatal ou internacional". Os períodos de contratación en calquera destas figuras de investigador posdoutoral valóranse con 2 puntos por curso, cando o contrato se corresponde coa área de coñecemento da praza en concurso, ou 1 punto cando o contrato corresponde a unha área afín.

2. A puntuación prevista no baremo para os contratos de investigación posdoutoral é exactamente a mesma que a asignada no subapartado 2.1 ("Postos docentes universitarios") aos períodos de contratación en figuras de profesorado a tempo completo: 2 puntos por ano de contrato na área de coñecemento da praza en concurso e 1 punto por ano de contrato nunha área afín.

3. Cómpre advertir que no baremo referido non se valoran as horas de docencia efectivamente impartidas, senón os períodos de contratación e o réxime de dedicación. Isto é así no caso dos contratos posdoutorais, e tamén no caso dos contratos en figuras de profesorado, onde tampouco se valoran de modo diferente os períodos de contratación en función das horas de docencia asignadas en POD.”

Q 2210/03

Foi presentado un escrito por unha participante no proceso selectivo para o acceso á escala auxiliar da USC, motivado polo procedemento de adaptación das probas do concurso-oposición ás súas condicións de saúde, que foron consideradas na realización do 2º exercicio dándolle acceso a unha aula específica de adaptacións, máis non foron tidas en conta para a realización do 3º exercicio, que tivo que desenvolver nunha aula ordinaria co resto dos aspirantes.

No informe solicitado a Sra. presidenta do Tribunal xustifica o seguinte:

“Para a realización do terceiro exercicio e, tendo en conta a importante redución que se produciu no número de aspirantes convocados, un total de 934, o Tribunal acordou encher as aulas á metade da súa capacidade e convocar aos participantes en aulas concretas.

Ao estar asignados os aspirantes a un aula concreta, que estaría ocupada á metade da súa capacidade, non se considerou necesario voltar a excepciónar a súa colocación nas aulas que lles corresponden por chamamento, nin no caso de MCFG, nin no caso de outras persoas aspirantes que, logo de comunicar circunstancias de diversa índole que foron colocados na zona de adaptacións no segundo exercicio sen ter porcentaxe de discapacidade superior ao 33%.

Estes aspirantes foron colocados para este terceiro exercicio nas aulas que lles correspondían pola orde de chamamentos.

En consonancia con estes acordos, na publicación efectuada polo Tribunal, dábase a coñecer a colocación dos aspirantes nas distintas aulas do centro figurando convocados separadamente só aos aspirantes de “lista de chamamentos do cupo de discapacidade”.

Na xornada do exame, a aula que lle correspondía a dona MCFG estaba asistida pola secretaria do Tribunal e dous colaboradores do mesmo. So a secretaria do Tribunal, que foi a que interactuou nese día con dona MCFG, era coñecedora das circunstancias de saúde da aspirante. Aos colaboradores informóuselles que, unha opositora portaría un dispositivo electrónico autorizado polo Tribunal por si se daba o caso de que soara na aula.

Dona MCFG chegou á aula que lle correspondía logo de que fora a aula na que estaban convocados os aspirantes da quenda de discapacidade e se lle informara de que non estaba no listado, que lle correspondía examinarse noutra aula. No momento de chegar, tiña reservado un sitio na zona dianteira da aula, dende o que puidera saír e entrar, inxerir alimentos ou ser atendida sen causar alteracións significativas no desenvolvemento da proba. A secretaria do Tribunal mesmo lle ofertou a posibilidade de elixir se quería permanecer na zona dianteira ou cambiarse ás filas traseiras para que puidera comer ou beber sen que fora advertido polos demais aspirantes. Dona MCFG optou por permanecer nunha mesa na zona dianteira, indicando que estaba ben nese lugar.

Debido ao elevado número de reclamacións á preguntas que foi preciso resolver con carácter previo á publicación das cualificacións do exercicio, o Tribunal respostou á reclamación de dona MCFG o día 21 de outubro de 2022.

Este Tribunal non considera que se teña tratado de maneira discriminatoria nin se teña vulnerado a confidencialidade ou posto en risco a saúde de dona MCFG nin de ningún dos outros aspirantes nos que concorreron circunstancias de saúde e que en esta terceira proba se examinaron nas aulas que lles corresponderon por chamamento.”

Q 2210/04

Foi presentado un escrito por un doutorando no que expón distintos aspectos da súa vida familiar e laboral que non lle permitiron o normal desenvolvemento da etapa de tese e solicita que sexan tidos en conta para non facer efectiva a súa baixa definitiva no Programa de doutoramento e que sexa unha baixa temporal.

No informe solicitado ao Sr. director de la Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS) xustificaba o seguinte:

“Que el doctorando no solicitó el depósito de la tesis antes de la expiración de su segunda prórroga concedida el 07/08/2022.

Que consultada la coordinación del Programa de Doctorado, el estado de desarrollo de la tesis a la fecha de finalización del período de estudios de doctorado era de aproximadamente la mitad de la investigación/trabajo

Que el día 06/08/2022 el doctorando solicitó una baja a petición propia por una duración de 1 año. Esta solicitud fue denegada por Resolución Rectoral por el Servicio de Gestión Académica (SXA) con fecha 28/09/2022) al no cumplir los criterios establecidos para la concesión de estas bajas y, en particular, que se soliciten con una antelación mínima de 2 meses para la fecha de finalización de los estudios de doctorado. Es preciso especificar que: durante una baja a petición propia, el alumno de doctorado:

- Causa baja en el programa de doctorado
- No puede desempeñar y no se le tendrá en cuenta ningún tipo de actividad académica y de desarrollo de sus estudios y tesis de doctorado. Por lo tanto, este período no puede ser empleado para el desarrollo de su tesis de doctorado

Que el alumno tuvo a su disposición todos los mecanismos para solicitar una baja temporal por razones de enfermedad, embarazo o cualquier otra causa prevista en la normativa laboral vigente debidamente acreditadas, o bien una petición propia dentro de los períodos previstos para esta última.

Que el alumno tampoco solicitó la denominada “Prórroga extraordinaria por motivos sanitarios derivadas de la Covid-19 (llamada comúnmente prórroga COVID)”, concedida a todos los doctorandos/as que demostraron que la pandemia les dificultaba de manera importante o directamente les impedía desarrollar sus estudios de doctorado/trabajos de tesis debido a casuísticas diversas tales como: i) Restricciones de movilidad impuestas, de acceso a instituciones, centros, edificios, etc., donde debían desempeñar tareas investigadoras; ii) debido a secuelas físicas y/o psíquicas derivadas de la pandemia (debidamente acreditadas), etc. Esta prórroga fue aplicable al período comprendido entre el 25 de octubre de 2020 a 9 de mayo de 2021. Técnicamente, esta prórroga COVID fue, en realidad, una interrupción en el cómputo del tiempo del doctorado por las razones indicadas anteriormente, pero que se tramitó como una prórroga ya que fue el mecanismo habilitado a nivel informático en la Secretaría Virtual de los alumnos para realizar este tipo de trámites académicos/administrativos.

Que el RD 99/2011 por el que se regulan las enseñanzas oficiales de doctorado no contempla ningún tipo de prórroga extraordinaria de los estudios de doctorado.

Que la Escuela de Doctorado no es el órgano con la competencia de resolución de las altas, bajas y prórrogas académicas nos programas de doctorado, que corresponde al SXA.

Por las circunstancias expuestas más arriba, el alumno tuvo a su disposición todos los mecanismos de la universidad para poder solicitar la interrupción temporal de sus estudios de doctorado en tiempo y forma. Por otra parte, no procede ninguna extensión de la duración del período de tesis, ya que no está contemplado en la normativa académica vigente.”

Q 2210/05

Foi presentado un escrito de queixa por un usuario do espazo Web da USC motivado porque distintas páxinas non se poden atopar en castelán, e solicitando que se adopten as

medidas oportunas para que toda a información á que se acceda a través da web apareza non só en galego senón tamén en castelán, xa que na actualidade hai partes que só aparecen en galego ou en galego e inglés.

Admitida a queixa a trámite solicitouse o oportuno informe, remitindo o Sr. director do Gabinete do Reitor, o seguinte:

“O sitio web institucional da Universidade de Santiago de Compostela, un dos eixes vertebradores da comunicación da institución, está en 3 idiomas (galego, español e inglés), nos seus catro primeiros niveis, aqueles que conteñen a información de interese público e que, polo seu carácter permanente, é susceptible de ser traducida de xeito periódico. Esta tarefa de mantemento nos 3 idiomas estase a realizar sobre información institucional, a relativa á oferta de estudos, á admisión, a investigación, así como ao ámbito cultural entre outros. Tamén está nos tres idiomas a relativa aos títulos, centros, departamentos e servizos, entre outros.

No caso das novas e eventos, tanto os creados de xeito centralizado polo Gabinete de Comunicación como os que crean as diferentes unidades (centros, departamentos, servizos), estanse a crear en galego, por ser a lingua propia da institución, en primeira instancia, e, en segunda, porque o carácter dinámico e alta rotación deste tipo de contidos non facilita a súa tradución centralizada.

Finalmente, gustaríame traer a colación o artigo 3 dos Estatutos da USC, que no seu punto 1, especifica que: “A lingua galega é a lingua propia da Universidade de Santiago de Compostela”. Tamén, no punto 2 do mencionado artigo, aclárase: “A Universidade de Santiago de Compostela potenciará e garantirá, no marco das súas competencias, o uso pleno da lingua galega en todos os ámbitos”. Así, o uso dos idiomas que se realiza no sitio web institucional busca conxugar o deber marcado nos estatutos coa proxección á sociedade local, rexional, estatal e internacional da institución.”

Q 2210/06 - Recomendación

Foi presentado un escrito pola alumna dun Grao motivado pola demora na resolución da solicitude de recoñecemento de estudos que ten cursados noutro Grao da USC. No escrito expón:

“Diríxome a vostedes porque hoxe é 14 de outubro e estou pendente aínda de que me den as convalidacións pertinentes.

Estou asistindo a asignaturas nas cales non estou matriculada e viceversa. Isto débese a que unha compañeira, na mesma situación ca min o ano pasado, puido orientarme cara que asignaturas me convalidarían.

Ao non estar matriculada nesas asignaturas non teño acceso ao campus virtual pertinente, polo que hai actividades que non podo entregar e novas das que non me entero.

Gustaríame que me desen as convalidacións canto antes, xa que me crea bastante angustia non ter noticias ningunhas e non saber nada.”

En relación con esta temática téñense remitido, con anterioridade, as seguintes recomendacións á Secretaría Xeral da USC:

- Recomendación do 21/06/2013:

“.../...Do anteriormente exposto ponse de manifesto que o procedemento actual, dende que o/a alumno/a presenta a súa solicitude ata que se resolve é demasiado longo e complexo, o que dificulta a toma de decisións por parte do órgano competente nun tempo razoable.

Das conversas mantidas con profesores e mesmo algún xestor de centro, tamén se refiren disfuncionalidades no mesmo senso.

Posto que as consecuencias en moitos casos poden ser importantes para o profesorado e especialmente para o alumnado no que se refire ao desenvolvemento do curso, como se pon de manifesto nas queixas presentadas, recoméndase que dende esa Secretaría Xeral se coordinen as actuacións oportunas para que se faga unha análise exhaustiva conxunta entre os diferentes axentes implicados no proceso (Decanatos, Unidades de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos, UXAs) para tentar de, na medida do posible, facer máis áxil e operativo o procedemento a seguir nestes casos, así como da incorporación de mecanismos de control do cumprimento de dito proceso co obxecto de corrixir os problemas aos que da lugar o procedemento actual.”

- Recomendación do 09/12/2013:

“.../Na USC, existe un “Protocolo para a regulación das validacións e adaptacións”, aprobado polo Consello de Goberno con data 24 de abril de 2006, onde como di o texto, unha vez detectados problemas nos cumprimentos de prazos, se establecen procedementos encamiñados a súa corrección.

Dito protocolo, que neste momento é manifestamente mellorable, e habería que adaptalo ás novas situacións derivadas dos cambios normativos, do desenvolvemento de tecnoloxías de xestión, etc., despois de case 8 anos, nin sequera esta Universidade cumpre os prazos que se establecían nel.

Os procesos de validacións/adaptacións, recoñecemento de estudos, é un tema que sistematicamente suscita queixas ante o Valedor, debido a que o procedemento é absolutamente disfuncional. Os problemas e prexuízos que estes incumprimentos lle orixinan ao alumnado son importantes e cada vez se agudizan máis (por exemplo: nova normativa sobre bolsas).

Ante esta situación con data 21 de xuño de 2013 fíxose unha recomendación tendente a mellorar o procedemento, así como a controlar os incumprimentos. Dado que a situación persiste, de novo reitérase a recomendación:

“.../que dende esa Secretaría Xeral se coordinen as actuacións oportunas para que se faga unha análise exhaustiva conxunta entre os diferentes axentes implicados no proceso (Decanatos, Unidades de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos, UXAs) para tentar de, na medida do posible, facer máis áxil e operativo o procedemento a seguir nestes casos, así como da incorporación de mecanismos de control do cumprimento de dito proceso co obxecto de corrixir os problemas aos que da lugar o procedemento actual.”

Facendo fincapé en que se adopten as medidas oportunas para que o remate do proceso teña lugar nun tempo razoable, o máis breve posible. Tamén quero incidir, en que unha vez detectado onde se producen tales incumprimentos se poñan en marcha mecanismos correctores, tal e como se recollía no “*Protocolo para a regulación das validacións e adaptacións*” e/ou outros que a Universidade estime axeitados.”

En relación co problema descrito recibimos unha comunicación posterior da Secretaría Xeral nos seguintes termos:

“.../acordouse crear unha comisión que estude as propostas de mellora para reducir os tempos de resposta” das solicitudes de recoñecemento de estudos.

Se ben é certo que a raíz das recomendacións producíronse certos avances nesta xestión, tal e como testemuñan as queixas recibidas recentemente, segue a ser manifestamente mellorable o procedemento. Por iso, recomendo que se analice a situación e se adopten as medidas oportunas para a solución definitiva do problema.

Con posterioridade dende a Área de Xestión Académica indican as distintas accións de mellora levadas a cabo:

- No ano 2014 aprobouse o novo protocolo de recoñecementos.
- Tense modificado o prazo de convalidación parcial de estudos estranxeiros, adiantándose a convocatoria a febreiro.
- Modificouse a carta de servizos académicos (estado vixente a do ano 2021 neste momento).
- Creáronse os formularios na sede electrónica, para que as solicitudes non se tiveran que presentar persoalmente.
- Constantemente estase a incidir nos Centros para que elaboren táboas de equivalencia para ditar as correspondentes resolucións dun modo automático para que os expedientes xa non teñan que retornar aos mesmos para que diten o preceptivo informe. A publicación de táboas mellora substancialmente os tempos de resposta, ademais de facilitar aos estudantes o coñecemento de antemán o que se lles vai a recoñecer. Na páxina web do SXOPRA <https://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/librosadapta.html> están recollidas as táboas de equivalencia que temos nestes momentos en vigor, que son elaboradas e propostas polos Centros e acordadas para a súa resolución e publicación por parte da Comisión Xeral de Validacións onde están representados varios Servizos, así como unha nutrida representación de Decanos/as e persoal de Administración dos Centros. Malia a que son numerosas, hai que seguir insistindo neste asunto

Á marxe do xa comentado, e que demostra o interese por mellorar na área dos recoñecementos, desde a Área Académica impulsárase no vindeiro ano 2023 unha reforma en materia de recoñecementos que acurte os prazos previstos no Protocolo de Recoñecementos (CG de 21 de febreiro de 2014).

Q 2210/07

Foron presentados dous escritos por un membro do Persoal Docente e Investigador da USC motivados pola admisión de alumnado nos graos con límite de prazas nun número de alumnos superior ao que se establece como límite para esa titulación, e pola admisión e incorporación do alumnado á universidade cando o curso xa vai moi avanzado, o que prexudica aos estudantes pois implica que hai materias que non poderán superar e dificulta a organización da docencia.

No informe solicitado ao Sr. delegado da USC na CiUG, xustifica o seguinte:

1. “España é un distrito universitario único pero a admisión faise dende os 17 distritos e incluso en moitos distritos (Madrid, Valencia, Castilla y León, ...) as universidades poden actuar de forma individual a partir do primeiro chamamento.
Como consecuencia se hai unha vacante nun grao “dunha única” universidade pode producir vacantes en cascada en “moitas” universidades.
2. En Galicia, e en universidades de outros distritos, utilizamos un sistema de autorizacións de matrícula por exceso que permite completar a matrícula de forma mais rápida, con certo risco de que se matriculen un número superior ao número de prazas previsto, e que axuda a que os estudantes saiban onde van ser admitidos a principios de agosto.
3. De todas formas a sociedade evoluciona e temos a percepción de que para algunhas titulacións os estudantes solicitan en mais distritos que fai uns anos e a finalización da pandemia agudizou esta situación. Isto fai que o “*número de convocados por exceso*” sempre teña un certo compoñente de imprecisión pois basease nos históricos e a experiencia.
4. Toda esta casuística deriva do Art. 7.2. do RD 412/2014:
“Ninguna Universidad pública podrá dejar vacantes plazas previamente ofertadas, mientras existan solicitudes para ellas que cumplan los requisitos y hayan sido formalizadas dentro los plazos establecidos por cada Universidad.”
O RD non establece ningún límite de data para cubrir as vacantes. Isto é o motivo polo que se admite a máis estudantes dos autorizados de forma que se poida compensar as anulacións posteriores de matrícula, derivadas da admisión de estudantes en outras titulacións da mesma ou de outra universidade.
A pesar dese exceso inicial é posible que se teñan que facer chamamentos por vacantes en algunhas titulacións, sobre todo nas que están mais relacionadas co ámbito sanitario. .../
En resumen, dende o meu punto de vista mentres teñamos “distrito único” aos efectos de matrícula con bastantes mais de 17 puntos de convocatoria de estudantes, non é viable ter un número exacto de estudantes e que todos estean sentados dende o primeiro día de curso.”

Q 2210/08

Foi presentado un escrito por un estudante de Máster, motivado pola non aplicación de exención de pago de prezos públicos de matrícula no *Máster nunha especialidade*, polos créditos nos que obtivo matrícula de honra nun *Grao*, ao considerar que ambos estudos pertencen a distinta rama de coñecemento.

A Sra. directora da Área Académica da USC xustifica o seguinte no seu informe:

I.- A modo de antecedente necesario cómpre salientar que o Grao pertence á rama de Artes e Humanidades a súa vez, o Máster vencéllase á rama de Ciencias Sociais e Xurídicas

II.- Asemade, o Decreto 103/2021, do 1 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2021/22, norma á que se remite a convocatoria de matrícula da USC e que resulta vinculante para as Universidades do SUG, dispón no seu corpo:

“Artigo 11. Matrículas de honra

1. O alumnado de grao e de máster universitario que obteña créditos coa mención de matrícula de honra estará exento do pagamento dos prezos públicos fixados na tarifa primeira do anexo para a primeira matrícula, nun número equivalente dos créditos de que consten as materias en que obtivese a dita mención, no curso académico inmediatamente seguinte a aquel en que obteña a dita mención, sempre que pertenzan aos mesmos estudos ou a estudos da mesma rama de coñecemento.

Esta exención aplicarase do mesmo xeito no caso de cursar unha segunda titulación de grao ou máster universitario, na mesma rama de coñecemento e no curso inmediatamente seguinte a aquel en que se obtivo a dita mención.”

III.- Á vista do alegado e atendendo ao artigo 11 do Decreto 103/2021, non resulta aplicable a exención solicitada polo alumno ao non cumprirse as esixencias de que o Máster (rama de Ciencias Xurídicas e Sociais) pertenza “aos mesmos estudos ou a estudos da mesma rama de coñecemento” que o Grao (Rama de Artes e Humanidades).

En definitiva, o artigo 11 do Decreto 103/2021, non permite aplicar a exención cando se trata de estudos pertencentes a distinta rama de coñecemento, con independencia da especialidade (criterio non considerado normativamente), de aí que o alumno non poda resultar beneficiario obxectivo da exención nos termos pretendidos.”

Q 2210/09

Foi presentado un escrito por unha alumna recentemente egresada nun Dobre Grao motivado polas dificultades que está a ter para a obtención dunha certificación que acredite a súa media e a súa posición respecto ao resto da promoción ou curso, co fin de obter unha bolsa de estudos por valor aproximado de 25.000€ para cursar estudos de Máster no estranxeiro.

Solicitado informe ao respecto, dende a Secretaría Xeral indican o seguinte:

“As medias das promocións cárganse no sistema o 30 de novembro de cada ano e é a partir desa data cando se lle pode certificar aos alumnos a súa posición dentro da promoción, aínda que existe a posibilidade de adiantar a carga das medias na aplicación sempre que non conste a existencia de incidencias abertas.

Tendo en conta que no pasado curso non foi posible adiantar esa data, puxémonos en contacto coa alumna que presentou a queixa e acordamos con ela expedir un certificado *ad hoc* cos datos provisionais das medias das titulacións e a súa posición dentro da promoción. Esta certificación foille remitida á alumna con data 11 de novembro de 2022.”

Q 2210/10

Foi presentado un escrito por unha estudante dun Grao, en relación coa denegación dunha solicitude de ampliación de matrícula e adaptación de itinerario curricular por recoñecemento de altas capacidades nos estudos de Grao e que simultanea cos de doutoramento a tempo completo. A adaptación curricular e a ampliación por encima dos 90 créditos matriculables foille denegada por non ser alumna de “inicio de estudos”.

Solicitada información á Secretaría Xeral, indican que a alumna tiña presentado un recurso potestativo de reposición e que o mesmo foi desestimado xa que por unha banda o regulamento dos estudos de doutoramento permite a simultaneidade da matrícula nun programa de doutoramento coa matrícula noutros estudos universitarios oficiais, cun máximo de 90 ECTS, e por outra non se podería acoller á adaptación curricular por altas capacidades porque xa é alumna de continuación de estudos e non de inicio tal e como se require na Convocatoria de Matrícula.

Q 2210/11

Foi presentado un escrito de queixa por un estudante de terceiro ciclo motivado pola *I Convocatoria de Premios a teses de doutoramento en educación 2022* dun departamento por indicar que só poden presentarse aquelas persoas que teñan defendido a súa tese entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2022.

O informe Sr. director do Departamento xustifica o seguinte:

“.../ informarlle de que o texto dos premios foi informado pola Reitoría no senso de que non se poden pagar gastos do ano anterior nin de despois do peche do exercicio. Naturalmente, o desexo do Departamento era que se puidese considerar todo o ano natural, desde xaneiro ata decembro.”

Q 2210/12 - Recomendación

Foi presentado un escrito por unha alumna dun Máster motivada por unha cuestión relativa á dispensa de asistencia.

No informe que foi solicitado ao respecto, dende a Coordinación do Máster indicábase:

“A alumna presentou a solicitude de dispensa de asistencia a clase con data 19 de setembro de 2022.

- A Comisión Académica do Máster, na súa reunión do 29 de setembro de 2022, acordou conceder a dispensa de asistencia a clase á alumna.

- No texto da Resolución indícase expresamente que “No caso de resolución positiva de dispensa de asistencia a clase, o/a estudante deberá comunicar a situación de dispensa ao profesorado no prazo dos 10 días seguintes e concertar unha titoría para planificar o desenvolvemento da/s materia/s nos 10 días posteriores. O plan de traballo recollerase na ficha específica que se atopará na aula virtual de coordinación.”

- O 25 de outubro de 2022 recibín o correo electrónico no que a alumna expresa a súa situación respecto a unha das materias do Máster

- Remitín a seguinte resposta o 26 de outubro de 2022 para coñecer como se realizara a titoría de planificación co profesorado da materia

- A estudante contestou que falara coas profesoras e que non lle ofreceran ningunha alternativa, polo que o 27 de outubro lle indiquei que falaría dese asunto co profesorado da materia e, nesa mesma data, comunicoume a súa intención de darse de baixa no Máster.”

O recollido no anterior informe pon de manifesto as consecuencias negativas que tivo para a alumna a concesión dunha dispensa de asistencia á clase que na práctica non se puido materializar nun plan de traballo específico acordado co profesorado da materia para esa situación discente, a pesar de que na guía docente da citada materia se observa que o apartado referido ao *sistema de avaliación* recolle o seguinte:

“No caso de estudantes de complementos de formación e dispensa elaborárase unha proposta de formación individualizada para as actividades programadas. O alumnado deberá comunicar a situación de dispensa nos 10 días seguintes a concesión e terá unha titoría para planificar o desenvolvemento e seguimento da materia nos 10 días seguintes. Nas propostas individuais incluíranse tres actividades específicas e das actividades programadas para todo o grupo seleccionáranse algunhas para realizar de forma individual. Ademais, no casos de complementos de formación e dispensa realizarase un exame específico.”

Implicando, polo tanto, que se está a coartar o exercicio da dispensa concedida ao esixir a presencialidade, deixando sen efecto real nesta materia a resolución adoptada pola Comisión Académica do Máster de concesión de dispensa.

Por todo o anteriormente exposto, recomendo que nas resolucións que adopte a Comisión Académica sobre as solicitudes de dispensa se especifiquen claramente as materias nas que non é posible conceder a dispensa diferenciándoas das que sería posible a súa aplicación.

Por outra banda, a USC defínese como “*unha universidade pública dedicada á preservación, á xeración, á transmisión e á difusión de coñecemento dun xeito socialmente*”

responsable e en conexión coas demandas e retos da sociedade galega.” Así pois, atendendo a ese compromiso coa sociedade, a USC estableceu na *Instrución I/2017 da Secretaría Xeral sobre a dispensa da asistencia a clase en determinadas circunstancias*, a posibilidade de concesión de dispensa cando concorran situacións de enfermidade, conciliación coa vida persoal e laboral e acoso, na procura dunha mellor prestación dun servizo público. Asemade, a non receptividade a esas demandas pode provocar que haxa potenciais estudantes que se decanten por cursar os mesmos estudos noutra Universidade.

Por iso, sen entrar nos aspectos técnicos da docencia de cada materia, e para evitar no futuro situacións prexudiciais para o alumnado como a descrita na presente queixa e que poden implicar unha redución de alumnos no Máster, recomendo á Comisión Académica que analice a conveniencia de adaptar ás guías docentes para dar acubillo a posibilidade efectiva de exercer o dereito á dispensa de asistencia a clase por parte do estudiantado.

Con posterioridade a Sra. coordinadora do Máster Universitario informou das actuacións levadas a cabo en relación coa recomendación efectuada por este valedor, indicando:

“No proceso de revisión dos programas das materias para o curso 2023-2024 remitiuse ao profesorado, xunto coas propostas do Decanato da Facultade, varias recomendacións específicas por parte da Coordinación do Título, entre as que se recollía a seguinte:

- *Adaptar o programa para dar acubillo a **posibilidade efectiva de exercer o dereito á dispensa de asistencia a clase por parte do estudiantado**(recomendación do Valedor da Comunidade Universitaria do 27-04-2023, a partir da queixa presentada por unha estudante do Máster).*

- Na reunión da Comisión Académica, incluíuse como punto da orde do día Información sobre a concesión de dispensa de asistencia a clase e, toma de acordos, se procede. Informouse das condicións e das consecuencias da concesión da dispensa de asistencia a clase para o desenvolvemento das materias. Analizouse que nas tres materias que conforman o módulo de investigación non se contemplara no próximo curso 2023-2024 a posibilidade de solicitar a dispensa de asistencia a clase.

Aprobouse que nesas tres materias, polas súas características e traballo conxunto, non se integrara a dispensa de asistencia a clase. A repercusión deste feito na matrícula do alumnado avaliarase ao final do próximo curso.”

Q 2210/13

Relativo á demora nun procedemento de recoñecemento de estudos.

Informóuselle ao alumno que o mesmo foi admitido a trámite como unha queixa e posta en coñecemento da Sra. directora da Área Académica para a súa análise, quen confirmou que xa lle notificaran ao alumno a resolución do recoñecemento, e

comunicóuselle que, en relación con esta problemática, con data 31/10/2022 efectuouse a recomendación referida na queixa Q 2210/06.

Q 2211/01

Foi presentado un escrito por un membro do PDI motivado pola obrigatoriedade de presentar certos documentos: DNI, título e certificado médico de xeito presencial como requisito previo para poder asinar certos tipos de contratos.

O informe solicitado ao Sr. vicerreitor de Profesorado xustifica o seguinte:

“PRIMEIRO.- En canto as obrigacións de aportación do título orixinal e da copia do DNI que se esixe con carácter previo á sinatura do correspondente contrato, ás que alude o reclamante no seu escrito, indicando no primeiro suposto que ningunha administración pública ten dereito a esixir á persoa en cuestión a presentación de documentos que ela mesma lle expide, e no segundo suposto, indicando que ao asinar o interesado o contrato co seu DNI electrónico xa está confirmando a autenticidade da persoa asinante, motivo pola que a presentación da copia escanada, de acordo co criterio do reclamante, non é lóxica, debemos indicar que a USC e o Servizo de Planificación de PDI está a traballar para simplificar os trámites que deben realizar os interesados con carácter previo a súa contratación, en relación coa obrigación establecida na normativa aplicable de aportar aquela documentación que acredite o cumprimento dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias.

Por todo elo, no futuro, e de acordo co establecido no artigo 28.2 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común, o Servizo de Planificación de PDI, unha vez estableza os procesos necesarios para recadar, coas garantías de autenticidade e seguridade necesarias, a documentación que xa se atope en poder da universidade ou teñan sido elaborados por calquera outra administración, non esixirá a presentación desta documentación aos interesados con carácter previo a súa contratación, sempre por suposto, que se cumpran as demais esixencias marcadas no citado artigo 28 da lei.

SEGUNDO.- En canto a obrigación á que alude o reclamante indicando que a USC debería practicar o recoñecemento médico a calquera persoa que se integra no seu cadro de persoal ao abeiro do establecido no artigo 243 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, como alternativa á presentación da certificación médica correspondente, indicar que o precepto indicado só se refire a aqueles postos de traballo **con risco de enfermidades profesionais**, non sendo este artigo aplicable, con carácter xeral, ao posto de traballo de profesor/a universitario. Polo que os candidatos propostos para a contratación si teñen a obriga de aportar certificado médico oficial ou informe de saúde emitido polo Servizo Galego de Saúde que acredite posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas, ou de ser o caso, informe emitido polo órgano equivalente en materia de saúde doutras comunidades autónomas do Estado.”

Escrito presentado por un investigador, referido á súa vinculación coa USC e á posible gratuidade da matrícula nos cursos do CLM como PTXAS.

En relación coa temática do escrito é preciso facer as seguintes consideracións:

- As capturas de pantalla que acompaña son ferramentas de uso interno da Universidade que non atribúen o seu vínculo xurídico ou contractual coa mesma. Por outra banda a de Xestión de Recursos Humanos tamén indica que vostede é “*Investigador Programas RRHH*”, que a súa especialidade é “*Investigador*”, así como que o convenio que lle corresponde é “*Convenio Investigación con extra prorrateada*”
- O seu vínculo coa Universidade ven dado pola *Convocatoria de ayudas Juan de la Cierva-formación* dentro do [Plan Estatal de Investigación Científica y Técnica y de Innovación 2021-2023](#) que como na súa descrición indica: “*tienen como objetivo fomentar la contratación laboral, por parte de organismos de investigación o centros de I+D españoles, de jóvenes en posesión del grado de doctor por un periodo de dos años con objeto de que completen su formación investigadora posdoctoral*”. Ademais, como se lle indicaba, con ese fin asinou un contrato coa USC que na cláusula sétima recolle que o Convenio Colectivo que lle é de aplicación é o de personal docente e investigador laboral.
- Por outra banda, os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela no art. 6 determinan quen conforman a Comunidade Universitaria indicando:

Artigo 6

A comunidade da Universidade de Santiago de Compostela está formada:

- a) Polo seu persoal docente e investigador.
- b) Polo estudantado.
- c) Polo seu persoal de administración e servizos.

E no artigo 11 establece quen forma parte do persoal docente e investigador (PDI):

Artigo 11 A Universidade de Santiago de Compostela contará con persoal docente e investigador, integrado polo persoal funcionario dos corpos docentes universitarios e polo persoal contratado para funcións docentes e investigadoras, así como con persoal investigador en formación.

- A maiores, solicitada información á Secretaría Xeral sobre en que sector está integrado o presentador da queixa a efectos dun proceso electoral indícanos que pertence ao *Sector II, restantes categorías de persoal docente e investigador*.

Por todo o exposto anteriormente, dende esta institución entendemos que é persoal investigador dentro do colectivo do PDI, e polo tanto non se aprecia que se estea a conculcar ningún dos seus dereitos.

Q 2211/03

Foi presentado un escrito por unha estudante que cursou estudos de lingua italiana no Instituto de Idiomas da USC ata o ano 2001, motivado polas dificultades que está a ter para obter unha certificación de ditos estudos adaptada ao Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER)

O informe solicitado á Sra. directora do CLM, xustificaba o seguinte:

“.../A decisión sobre o recoñecemento da equivalencia dos niveis dos cursos impartidos no Instituto de Idiomas (1975-2003) e posteriormente no Centro de Linguas Modernas (2003-actualidade) tomouse por unanimidade polo claustro do centro tendo en conta a entrada en vigor do MECRL en España, atendendo o sentido común e a honradez profesional. O claustro do centro decidiu que non se pode recoñecer retroactivamente unha normativa que non se coñecía antes da súa implantación.

Non podemos opinar sobre o aprobado noutras institucións alleas ao CLM e á USC.

O Centro de Linguas Modernas ten unha [convocatoria aberta](#) de [Probas de Acreditación Lingüística PCL](#) de lingua italiana e tanto a comunidade da USC como persoas externas poden realizar un exame e acreditar o nivel B1 ou B2 segundo MECRL do idioma.”

Q 2212/01

Profesor que rematou o seu contrato, sendo actualmente profesor noutra Universidade e solicita un certificado dos servizos prestados na USC.

Solicítase informe ao Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica e indican que non lle poden expedir a certificación ata ter rematado o semestre e estar as actas pechadas para garantir os datos que se recollen na certificación.

Suxíreselle que solicite ao Departamento un documento acreditativo da docencia realmente impartida, en tanto non remate o semestre para que llo poidan expedir no Servizo correspondente.

Foi presentado un escrito por un profesor motivado pola asignación de encargo docente dunha materia, ao seu entender sen seguir os procedementos e normativas que ten establecidas a USC.

No informe solicitado, o Sr. vicerreitor de Organización Académica e do Campus de Lugo xustifica o seguinte:

“O Regulamento de adscrición funcional a efectos de docencia das materias de titulacións de grao a departamentos e áreas de coñecemento na USC, establece:

Artigo 1:

d) A adscrición funcional a efectos de docencia das materias nos títulos de Grao será tomada como referencia para a asignación efectiva de encargo de docencia que recollerá explicitamente a Programación Académica Anual (P.A.A.).

Artigo 2:

f) Coas modificacións que se teñan considerado necesarias, a Vicerreitoría elaborará unha proposta definitiva de adscrición que, previa exposición pública, negociación sindical e informe da COAP, será sometida á aprobación do Consello de Goberno.

O Regulamento de asignación efectiva do encargo docente das materias das titulacións de grao e máster a departamentos e áreas de coñecemento na USC, establece:

Artigo 1:

4. Como norma xeral, a asignación de docencia dunha determinada materia estará vixente polo menos tres cursos académicos completos, podendo ser revisada por causas xustificadas, así apreciadas pola Vicerreitoría, durante a fase de elaboración da P.A.A. do curso seguinte.

A Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo procedeu a publicar a Convocatoria de adscrición de áreas a materias de grao e mestrado en outubro de 2022. Nesta convocatoria incorpóranse tanto as novas titulacións que foron implantadas no curso 2021-22 como as materias que tiveron algunha modificación provisional que non fora sometida a este proceso. De acordo co indicado anteriormente, incluíuse a materia obxecto da queixa.

De acordo co procedemento establecido no *Regulamento de adscrición funcional a efectos de docencia das materias de titulacións de grao a departamentos e áreas de coñecemento na USC* (aprobado en CG de 19/11/2009, con modificacións posteriores) estableceuse un prazo para que os departamentos afectados puidesen realizar alegacións (10/10/2022 a 17/10/2022). Posteriormente deberían intervir as comisións académicas dos títulos (do 18/10/2022 ao 21/10/2022) para realizar a súa proposta. Os departamentos poderían intervir, novamente, para realizar alegacións ás propostas das comisións. .../

De xeito resumido, neste proceso:

1. A Facultade estimou a proposta do Departamento de retiralo da adscrición da materia, xa que coa xubilación do profesor encargado da materia citada (cun perfil formativo específico) xa non contaba con profesorado axeitado para a súa impartición.

2. A Facultade desestimou as alegacións do Departamento, de acordo co indicado no informe aprobado en Xunta de Facultade.
3. Tanto a COAP como o Consello de Goberno aprobaron a proposta de adscrición realizada polo centro.

En consecuencia, unha vez detectado o problema de falta de profesorado para a docencia da materia, seguiuuse o procedemento establecido pola Universidade para a adscrición da materia a un mínimo de tres áreas, garantíndose tanto os prazos como os períodos de alegacións dos departamentos responsables das áreas.

A Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo aprobou o PDA 2022/2023 da titulación, coa asignación do encargo docente da materia (49 horas lectivas e 6 horas de tutoría).

No Período Ordinario de POD, do 6 ao 28 de abril de 2022, o Departamento deixou sen cubrir o encargo docente da materia, polo que a vicerreitoría con competencias en organización académica, resolveu aprobar o POD do departamento condicionado a que cubriaran, sempre con anterioridade ao comezo do curso, a docencia de todas as materias.

Ao departamento autorizóuselle un período extraordinario de POD, do 26 ao 29 de maio, no que lle asignou o encargo docente da dita materia ao profesor da área.

A Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo non ten constancia de que o interesado impugnara o POD 2022/2023 do Departamento.”

Q 2212/03

Foi presentado un escrito por unha profesora emérita, expoñendo que non se lle permite formar parte como membro da Sección departamental en dita Facultade por non cumprir o requisito de impartir docencia de posgraao.

Dende esta Institución fixéronse xestións diante da Secretaría Xeral da USC na procura dunha alternativa ou solución ao problema descrito, amosando as autoridades académicas unha boa predisposición ao respecto e poñeranse en contacto co Sr. coordinador da Sección Departamental. Con posterioridade a directora de Departamento comunica que o Consello de Departamento en reunión ordinaria acordou de forma unánime incluír á profesora na citada Sección.

Q 2212/04

Foi presentado un escrito por unha integrante do Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos da USC, expoñendo que estando na situación administrativa de adscrición provisional non se lle están a ofertar prazas vacantes.

Recibiuse o informe solicitado á Sra. vicexerenta xeral técnica, no que xustifica o seguinte:

“.../Para maior abastanza e no referido ás comisión de servizos, segundo o artigo 21 do devandito Regulamento de Mobilidade de PTXAS ”Os postos de traballo de persoal funcionario de administración e servizos poderán ser cubertos en comisión de servizos de carácter voluntario, en caso de urxente e inaprazable necesidade, por persoal funcionario de carreira que pertenza ao corpo ou escala ao cal estea adscrito o posto e reúna os demais requisitos que estableza a relación de postos de traballo”. Polo que se refire á imposibilidade de que a interesada poda concorrer ás comisións de servizos, o artigo 21.5 do referido regulamento de Mobilidade de PTXAS, indica que “o persoal en adscrición provisional por motivos de saúde non poderá participar neste procedemento”

De acordo con todo o indicado, emito o seguinte INFORME:

1. A adscrición provisional por motivos de saúde da funcionaria no posto base produciuse de conformidade co procedemento legalmente establecido e conforme a dereito.
2. A traballadora é titular dun posto nivel 18, polo que, tal e como queda acreditado neste informe, o posto de destino en adscrición provisional non pode ter un complemento de destino superior a aquel.
3. Os postos de traballo do persoal funcionario poderán ser cubertos en comisión de servizos cando concorran as causas que se recollen na lexislación vixente e as persoas solicitantes cumpran os requisitos. No suposto que nos ocupa, atópase en adscrición provisional por motivos de saúde polo que non pode concorrer ao dito procedemento.
4. A maior abastanza, non hai obriga de ofertar vacantes a unha funcionaria que se atope en adscrición provisional por motivos de saúde, dado que xa está adscrita a un posto e informada da súa continuidade periodicamente polo Servizo de Vixilancia da Saúde da USC.
5. Por último, en ningún caso, tal e como acreditado ut supra, unha persoa pode ocupar un posto en adscrición provisional cuxo complemento de destino sexa superior ao posto do que é titular, polo que a interesada non podería ser adscrita a ningunha das vacantes á que fai referencia no seu escrito, por teren un nivel superior ao 18.”

Así pois, á vista do anterior informe non se aprecia que se estean a conculcar ningún dos seus dereitos, polo que se procedeu ao remate da tramitación da presente queixa e ao seu arquivo.

Q 2212/05

Foi presentado un escrito por unha investigadora posdoutoral contratada dentro do programa de recursos humanos “*Ayudas para la recualificación del sistema universitario español- Modalidad Margarita Salas*”, motivado pola imposibilidade de cotitorizar TFG nunha Facultade.

A Sra. decana da Facultade enviou o seguinte informe xustificativo:

“**Primeiro.**- Con data 23 de novembro de 2022, á vista das propostas de defensa dos Traballos de Fin de Grao realizadas por varios alumnos do Grao, nas que figuran titores e cotitores, comunícaselle, mediante correo electrónico aos titores, que se vai proceder de oficio a eliminar aos cotitores, xa que segundo o regulamento de TFG do Grao, só se permite a cotitorización de TFG no marco de convenios con empresas ou institucións (como Colexios Oficiais) ou no marco de convenios de estudos e, ademais, esta cotitorización deberá ser aprobada pola Comisión do Título do Grao.

Tendo en conta estas circunstancias, a Comisión do Título decidiu, como en cursos anteriores, non aprobar ningunha cotitorización que non estivera amparada por un convenio previo.

Segundo.- Con data 25 de novembro a interesada presenta escrito de alegacións ao correo electrónico no que se comunica a eliminación de oficio dos cotitores, e adicionalmente solicita asistir á reunión da Comisión do Título, atendendo a dita solicitude, a Comisión reúnese con carácter extraordinario. Trala exposición por parte das súas argumentacións, a Comisión toma o acordo de desestimar de novo a súa solicitude para poder cotitorizar un TFG do Grao, ratificando o recollido na normativa vixente do TFG do Grao e nas decisións tomadas nos cursos anteriores.

Acordo que lle foi notificado a interesada.

1) Consideracións técnicas e legais:

Primeira.- No Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster da USC (Aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016) sinálase no artigo 5.1 que: “os TFG e TFM **deberán** ter un/ha titor/a que asista aos estudantes na realización do traballo. Por **razóns xustificadas** e se o **órgano competente** o estima oportuno (na Facultade é a Comisión do Título), **poderá** designarse outro/a titor/a, un/ha cotitor/a, ou excepcionalmente dous cotitores”.

Segunda.- A Normativa de Traballo de Fin de Grao desta Facultade, no apartado 2, no referente aos titores, sinala que: “os traballos tamén poderán desenvolverse no marco de convenios con empresas ou institucións (como Colexios Oficiais) ou no marco de convenios de estudos. Nestes casos o titor, que deberá ser profesor doutor da USC, poderá colaborar na definición do contido do TFG e no seu desenvolvemento con un integrante da institución u organismo correspondente, en calidade de co-titor. A participación de co-titores deberá ser aprobada pola Comisión”.

Terceira.- Con data 16 de setembro de 2022 publícase a Resolución da Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo, para regular a colaboración na docencia do persoal investigador contratado a través de programas de recursos humanos. No apartado Segundo. Criterios xerais, regula as tarefas docentes nas que **poderá colaborar** o persoal investigador, predoutoral e posdoutoral. Polo tanto a devandita Resolución non establece un criterio xeral de obriga de colaboración.

INFORME:

Por todo o exposto con anterioridade a Facultade, de acordo coa normativa vixente, non permite a figura do cotitor nos Traballos Fin de Grao.

Non obstante a Facultade considerará a suxestión da reclamante de revisar a normativa do TFG do Grao. “

Así pois a referencia á posibilidade de impartición de docencia é sempre en todos os casos de carácter potestativo: na resolución da Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo así como na Convocatoria de axudas Margarita Salas para a recualificación do sistema universitario español para 2021-2023. Sendo a Comisión de Título da Facultade a competente para establecer criterios para autorizar cotitorizacións e esta con carácter xeral ten adoptado a decisión de non permitir cotitorizacións agás as contidas no marco de diferentes convenios. Por outra banda, destacar o último punto do informe no que se indica que se considerará a súa suxestión de revisar a normativa do TFG do Grao.

Q 2301/01

Foi presentado un escrito por unha alumna motivado pola denegación dunha solicitude de modificación de matrícula en dous graos que simultanea, logo de obter o recoñecemento de estudos nun deles.

A Sra. directora da Área de Xestión Académica, no que se xustifica o seguinte:

- i. A razón de que non poida modificar as dúas matrículas está na [Resolución reitoral do 02-06-2023 pola que se publica a convocatoria xeral de matrícula](#): No Anexo I de Prazos, establécese o seguinte calendario de modificación de matrícula:

MODIFICACIÓNS E DESISTENCIA DE MATRÍCULA GRAOS, MÁSTER E CURSOS PONTE	Cambio ou modificación da matrícula e desistencia parcial	9 - 23 setembro
	Desistencia total (anulación total da matrícula)	Ata o 23 setembro
	Modificación de matrícula para materias do 2º semestre	7 – 14 febreiro 2023

- Fora destes prazos, só se pode modificar matrícula nos casos especiais establecidos tamén na convocatoria, no apartado 9, e especificamente no apartado:

.../

9.4 MODIFICACIÓN POR RECOÑECIMENTOS, ADAPTACIÓNS E VALIDACIÓNS

Se o alumnado está matriculado nas materias adaptadas, validadas ou recoñecidas, a eficacia e a imputación no expediente será desde que se dite a resolución, agás que xa fose cualificado con “suspense”. Cando non se poidan aplicar os recoñecementos por estar as materias xa cualificadas poderase facer en cursos posteriores.

Non se admitirá ningunha anulación das adaptacións, validacións e recoñecementos de estudos que xa producen efectos no expediente académico.

En ningún caso procederá o recoñecemento de materias cursadas en réxime de simultaneidade de estudos entre distintas universidades cando se trate de titulacións iguais ou equivalentes.

Solicitudes de adaptación, validación e recoñecemento presentadas no prazo xeral do primeiro semestre

A persoa solicitante terá dereito a modificar a matrícula no prazo dos dez días seguintes ao de recepción da resolución estimatoria e á devolución de prezos que poidan corresponder respecto das solicitudes de adaptación, validación e recoñecemento presentadas no prazo xeral do primeiro semestre.

Sempre que a solicitude de recoñecementos se realice dentro do prazo establecido no primeiro semestre, se o alumnado supera posteriormente a este prazo algunha materia na universidade de orixe na convocatoria extraordinaria de setembro, poderá facer unha solicitude complementaria fora de prazo, sempre que se realice antes de finalizar o mes de outubro. Para isto será indispensable que presente unha certificación académica na que conste que a materia ou materias se superaron na convocatoria extraordinaria de setembro do ano en curso.

Solicitudes de adaptación, validación e recoñecemento presentadas no prazo establecido no segundo semestre

As solicitudes de adaptación desde plans extinguidos se admitirán no prazo do segundo semestre establecido no **Anexo I**, sempre que de acordo coa normativa de permanencia o a persoa solicitante poida formalizar a matrícula nese semestre.

O estudiantado terá dereito a modificar a matrícula de materias do segundo semestre no prazo que se estableza en cada resolución respecto das solicitudes de recoñecemento e validación presentadas no prazo establecido no **Anexo I** para o segundo semestre.

Solicitudes presentadas fóra dos prazos establecidos

Só se admitirán as solicitudes de recoñecemento presentadas fora dos prazos establecidos no **Anexo I** no caso de que se correspondan coa aplicación de táboas automáticas de recoñecemento.

Alumnado que realice cursos, actividades e competencias transversais

O alumnado que teña un exceso de créditos optativos matriculados para completar os estudos e defender o TFG no actual curso académico, como consecuencia do recoñecemento no mesmo curso académico de créditos correspondentes a cursos, actividades ou competencias transversais, poderá dar de baixa como máximo unha materia optativa, sempre que se solicite esta modificación antes do inicio do período de avaliación do semestre ao que corresponda a materia optativa e sempre que a materia teña un número de créditos igual ou inferior aos créditos optativos en exceso.

- Entre os motivos extraordinarios para poder modificar a matrícula fóra dos prazos establecidos se atopa o de que se produza unha modificación no expediente con motivo de recoñecementos nese expediente, polo que se fai necesario modificalo, de tal forma que se dan de baixa da matrícula as materias recoñecidas para incluílas no expediente desa titulación e se inclúen todos os recoñecementos no expediente (incluso de materias non matriculadas). Como consecuencia a alumna (que figuraba neste curso matriculada en todas as materias de primeiro curso do Grao en lingua e literatura modernas) ten a opción de incluír e quitar todas as materias que considere conveniente nese expediente.
 - A alumna estivo matriculada en distintas titulacións:
 - Nestes anos se lle concedeu a simultaneidade para dúas titulacións de grao. En todos estes anos, en ningún momento se lle permitiu modificar a matrícula dunha titulación fóra dos prazos establecidos, salvo no caso de recoñecementos ou a concesión de prácticas no expediente afectado polos recoñecementos ou as prácticas (casos recollidos na convocatoria de matrícula).
- .../
- II. En definitiva, a actuación do SXA axústase ao previsto na citada convocatoria de matrícula, de coñecemento público para os estudantes da USC. “

Q 2301/02

Foi presentado un escrito por un ex traballador da USC motivado pola necesidade de emisión dun novo certificado de servizos prestados que recolla nunha das categorías laborais do Convenio colectivo da USC o vínculo laboral que lle foi recoñecido xudicialmente, co fin de poder acreditar o tempo de servizo na USC en distintos procesos selectivos da administración local e autonómica.

Recibiuse o informe solicitado, no que a Sra. vicexerenta Xeral Técnica da USC xustifica o seguinte:

1. O interesado, foi beneficiario de bolsa de colaboración no Centro de Documentación Europea desde o 1 de agosto de 1998 ata o 27 de novembro de 2023.
2. Por sentenza xudicial do 26 de marzo de dous mil catro do Xulgado do Social, declárase que o interesado estivo vinculado á USC cunha relación laboral de carácter indefinido.

3. A Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ratificou a sentenza ditada en primeira instancia.
4. Nas referidas sentencias non se recollen en que categoría ou grupo se encadraría o interesado.
5. A xefa do Servizo de Xestión de Persoal ten delegada a sinatura da potestade certificante da Secretaría Xeral para os datos que consten na documentación que se atope nos arquivos do citado servizo, polo que o certificado, recolle escrupulosamente eses datos, non podendo engadir outros que non conten en dita documentación.”

Q 2301/03 - Recomendación

Foi presentado un escrito por un estudante do Grao motivado pola modificación unilateral por parte do profesor do horario dos grupos interactivos da materia, o que implica coincidencia co horario de clases interactivas doutra materia do mesmo curso.

En relación coa queixa de referencia remitiuse ao alumno o expresado polo profesor da materia, no que indicaba o seguinte:

“Descoñezo a que se refire a queixa recibida a respecto de ter "decidido unilateralmente unificar e estender o horario dos grupos interactivos... (de forma) unilateral e arbitraria", porque non é certo que tal fixera. Como comuniquei previamente de xeito reiterado ós asistentes á clase, e como adoito facer desde hai moitos anos, soamente impartín clases expositivas en horario das interactivas dos martes as tres primeiras semanas do curso por mor de avanzar contidos do programa que permitan a realización de clases interactivas con participación informada e dignas de tal nome.

A partir desas tres primeiras sesións o curso prosigue dacordo co horario previsto: expositivas o luns e interactivas os martes en ambas as dúas quendas. Deste xeito nin hai custo de decisión de ausentarse, nin prexuízo algún, que polo demais nunca me foi comunicado persoalmente por ningún alumno.”

Á vista do exposto no mesmo, o alumno presentador da queixa remitiu outro escrito no que sinalaba:

“A queixa non ía en torno a se eran expositivas ou interactivas. A queixa ía en canto habendo dous grupos de interactivas na súa asignatura o profesor decidiu unificar os CLIS 1 (12:30 a 13:30) e CLIS 2 (13:30 a 14:30) nun único grupo de 12:30 a 14:00, solapándose inevitablemente coas sesións interactivas de outra materia.

.../. O profesor é plenamente consciente deste posible solapamento e dos posibles imprevistos que poda ter non só no alumnado senón tamén na organización docente da outra materia á hora de distribuír adecuadamente os grupos interactivos e que non estean descompensados por este solapamento.

Igualmente considero que se non se vai dar máis esta situación no que resta de curso, xa non hai máis posible prexuízo que unicamente o producido esta semana, xa non lle vexo máis recorrido a

esta queixa máis que para que quede constancia e non se repita nun futuro, xa que el mesmo recoñece que leva dándose esta situación varios anos.”

Do expresado nos dous escritos anteriores obsérvase:

- Que son razoables os argumentos académicos do profesor para unha boa didáctica e aproveitamento da materia.
- Que o cambio horario realizado polo profesor implica de feito un solapamento de dúas materias para algúns alumnos do Grao.
- Que este feito se ten producido en anos anteriores.

Por iso, para garantir o dereito do alumnado á asistencia íntegra ás materias das que está matriculado, segundo os horarios elaborados polo Centro e publicados con anterioridade á matrícula, é preciso que non exista dito solapamento horario.

A tal efecto, recomendo que por parte dese decanato se fagan xestións para a análise da posibilidade de modificación da guía docente da materia para atender as razóns académicas expostas polo profesor ou se fagan as modificacións de horario necesarias por parte do centro.

Con posterioridade o Sr. decano informou o seguinte:

“.../Na elaboración dos horarios do curso 2023-2024 tívose en conta esta incidencia e procurouse evitar todo solapamento, que, de facto, non existe nos horarios, pero si podería producirse como consecuencia da distribución posterior por PDI do encargo docente.

Para evitar que a organización resultante do POD inducira novas anomalías na liña expresada, a inicios do curso 2023-24, informouse a todo o PDI da obriga de respectar a distribución establecida de sesións expositivas e interactivas e os horarios publicados. Non nos constan incumprimentos neste sentido.”

Q 2301/04

Foi presentado un escrito por unha Coordinadora dun Máster, motivado polo procedemento de tramitación dun convenio Erasmus entre o Máster que coordina cun título homólogo doutra Universidade.

O informe solicitado á Sra. vicerreitora de Titulacións e Internacionalización, xustificaba o seguinte:

- “1. A convocatoria de mobilidade de estudantes Erasmus+ para o curso 2023-2024 (resolución do 22 de novembro de 2022) menciona de forma explícita a exclusión da mesma dos mestrados oficiais de máis de 60 créditos ECTS (título e apartados 3.1 e 3.2). O motivo desta exclusión radica na imposibilidade de implementar mobilidades en titulacións dun ano de duración, dado que

os/as potenciais solicitantes non son aínda estudantes da USC no momento de publicarse a convocatoria. O Mestrado obxecto da queixa ten unha duración de 60 créditos ECTS e, polo tanto, está excluído da devandita convocatoria.

2. A opción de “que a alumna puidese desmatricular a segunda parte do curso 2022-2023 e conseguise a devolución da matrícula do segundo cuadrimestre para, logo de matricularse de novo no mes de setembro de 2023, executar a mobilidade Erasmus no Porto ao longo do curso 2023- 2024” apuntada pola remitente da queixa non é viable polos motivos expostos no punto anterior.
 3. Por outra banda, a alumna en cuestión non presentou ningunha solicitude para participar no programa Erasmus+ para o curso 2023-2024 en prazo. De todos os xeitos, aínda que o tivera feito, quedaría excluída segundo as bases da convocatoria referidas anteriormente.
- .../
6. Por outra banda, non é exacto que a asinante da queixa non tivera resposta por parte da Vicerreitoría. Uns días despois de ter recibido na Vicerreitoría un escrito da Profa., a vicerreitora comunicouse persoalmente por teléfono con ela para explicarlle a información resumida neste informe.”

Q 2302/01

Foi presentado un escrito por unha beneficiaria das *Axudas Margarita Salas para a formación de novos doutores* manifestando o seu desacougo pola falla de concreción do prazo de pagamento da cantidade de 2.500 € en concepto de gastos de traslado asociada a dito contrato.

Recibiuse o informe solicitado, no que o Sr. vicerreitor de Política Científica xustificaba o seguinte:

- “.../2. Que a convocatoria Margarita Salas non establece un prazo concreto no que deban realizarse os pagamentos en concepto de instalación pero, non obstante, xestiónanse os devanditos pagos á maior celeridade posible en tódolos casos.
3. Que a razón fundamental na demora da tramitación destes pagamentos foi debida fundamentalmente a dúas causas que foron trasladadas de ser o caso a cada persoa interesada no procedemento :
 - a. A necesaria recepción da certificación da incorporación no centro de destino
 - b. O retraso da compañía aseguradora na emisión das facturas dos seguros asociados ás estadias. Este documento resultaba imprescindible para o cálculo do importe final que deberían recibir as persoas interesadas xa que este importe se detrae da contía total.
 4. É preciso indicar que nestes momentos finalizouse o trámite de tódalas ordes de pagamento e que se fixeron as xestións oportunas co Servizo de Contratación desta Universidade co fin de solventar as incidencias vinculadas aos retrasos da compañía aseguradora.”

Por iso, á vista do expresado anteriormente, comunícaselle o remate da tramitación da queixa e o seu arquivo.

Q 2302/02 - Recomendación

Foi presentado un escrito por unha alumna denunciando unha presunta agresión verbal de carácter racista.

Dada a gravidade do posible feito denunciado, non acorde aos principios que deben rexer as actuacións de calquera membro da comunidade universitaria, recomendo que se inicie a correspondente información reservada para o seu esclarecemento e a adopción, no seu caso, das medidas que correspondan.

En relación coa recomendación efectuada por este valedor, informóuselle que o Sr. reitor da USC comunica que se procedeu á apertura de expediente disciplinario á alumna obxecto da súa queixa.

Q 2302/03 - Recomendación

Foi presentado un escrito por un alumno denunciando unha presunta agresión verbal de carácter homófoba por parte dunha alumna.

Dada a gravidade do posible feito denunciado, non acorde aos principios que deben rexer as actuacións de calquera membro da comunidade universitaria, recomendo que se inicie a correspondente información reservada para o seu esclarecemento e a adopción, no seu caso, das medidas que correspondan.

Con posterioridade o Sr. reitor da USC comunica que se procedeu á apertura de expediente disciplinario á alumna obxecto da queixa.

Q 2302/04

Foi presentado nesta Institución un escrito asinado por dezaseis estudantes dun Grao motivado pola falla de docencia nunha materia correspondente ao 3º curso. No escrito expoñen o seguinte:

- “1.- Que transcorridas dúas semanas dende o comezo do segundo cuatrimestre, non se recibiu docencia algunha da materia.
- 2.- Que pese aos intentos por parte dos responsables de solucionar o problema, seguen sen impartirse as clases.

E solicitan que se tomen as medidas pertinentes para que a materia sexa impartida o antes posible de forma que se respecte o dereito do estudiantado á docencia.”

Solicitouse informe ao centro, no que a Sra. decana da Facultade detalla o proceso levado a cabo para a asignación de docente e indica que dende a semana do 20 de febreiro constátase que se está impartindo a docencia da materia, polo que neste momento a incidencia atópase resolta.

Por iso comunicóuselle que á vista do indicado, damos por rematadas as actuacións e procedemos ao arquivo da queixa.

Q 2302/05

Foi presentado nesta Institución un escrito por un estudante do Grao motivado por unha situación que se está a producir na docencia dunha materia.

No informe solicitado, o docente responsable da materia xustifica o seguinte:

1. “En general, el alumno tiene razón en cuanto a que ese Tema 1, no lo explico en clase y les dejo en el Aula Virtual lecturas relacionadas con el mismo, con un número de páginas más o menos amplio. Y también tiene razón cuando expone que otros temas del programa cuentan asimismo con lecturas de diversa amplitud.

2. Y yo no explico este Tema 1 porque justo en el curso anterior han cursado una asignatura obligatoria, en la que estudian de manera amplia y pormenorizada la evolución desde sus orígenes hasta la actualidad, y porque dada la amplitud temática del programa este docente cree que es más útil, formativo y enriquecedor para el alumnado conocer nuevos aspectos relacionados, antes que repetir aspectos que les son de sobra conocidos por haberlos estudiado en otras materias afines.

Y sí, es verdad, que este tema puede ser materia de examen al igual que el resto de temas del programa, ya que entiendo necesario el repaso y conocimiento de estos conceptos que entiendo le será muy útil al alumnado para entender mejor todo lo que vamos a trabajar después en esta materia, pero no todo lo evaluable se ha de explicar necesariamente en clase, sino que ciertas tareas pueden formar parte del trabajo que el alumnado ha de dedicar por su cuenta al estudio de los temas propuestos, y que además, en este caso, requiere muy poco esfuerzo en tanto se puede limitar a la lectura de alguna/s de las lecturas facilitadas.

Y los exámenes nunca han sido un problema en esta materia, y prueba de ello es que en esta asignatura, con más de 100 personas matriculadas, el alumnado repetidor no llega al 5%.

3. Respecto del número de páginas es cierto que pueden parecer excesivas las lecturas para un solo tema, pero al igual que ocurre en otros temas de la signatura, les facilito lecturas alternativas, de diversos autores, pero que abordan la misma temática, de forma que el alumnado pueda elegir aquella/s que le resulte más atractiva o interesante. De tal forma que, si el alumno que formula la queja se hubiera molestado en mirarse detenidamente las lecturas facilitadas, vería que leyéndose solo una o algunas de ellas ya le sería suficiente para repasar

esa temática, que ya conoce del curso anterior, y no necesitaría leerse todas esas páginas a las que alude.

Y, además, las lecturas que se sugieren para los diversos temas del programa, son siempre lecturas que, en ningún caso están planteadas como obligatorias o imprescindibles, sino como un complemento a las clases, de forma que, en vez de que el alumnado tenga que ir buscando en la amplia bibliografía proporcionada aquello que le pueda ser más útil, les subo al Aula Virtual lecturas seleccionadas de todos los temas del programa para facilitarles el estudio de la materia.”

Q 2303/01 - Recomendación

Foi presentado un escrito polo alumno do Grao motivado por un problema coa dispensa de asistencia por traballo que ten concedida para unha materia. No escrito expón:

“.../Actualmente resido en Mos, realizo as prácticas nun centro de Vigo e traballo en Vigo, non podo asistir de ningunha forma as clases presenciais e por iso solicitei a dispensa.

Ante o meu caso a docente non me facilita ningún método alternativo de avaliación adaptado a miña dispensa, alega que a carga práctica da materia non é compatible ca modalidade de dispensa, a pesar de que no mesmo grado, na mesma universidade en distinto campus esta mesma materia si ten contemplado un método de avaliación para alumnado non presencial.”

Considerando que dito escrito reúne os requisitos formais necesarios foi admitido a trámite como unha queixa.

Na *Instrución I/2017 da Secretaría Xeral sobre a dispensa da asistencia a clase en determinadas circunstancias* recóllese a posibilidade de solicitar dita dispensa por motivos laborais. A mesma Instrución determina que o único órgano competente para conceder ou denegar de forma motivada a dispensa é a Xunta do Centro ou o órgano no que delegue.

Amparado pola mencionada instrución o alumno solicitou a dispensa por motivos laborais na materia, que lle foi concedida mediante a resolución de data 9 de febreiro de 2023 que recolle:

- no apartado 1:

“1.-Conceder a dispensa de asistencia a clase na materia *obxecto da queixa*.

Dita concesión, tal e como aparece recollida na resolución é de carácter xeral, non habendo ningunha circunstancia que limite o exercicio da mesma. No caso de que houbera algún condicionante debería informarse ao alumno de xeito fidedigno facéndose explícito na resolución.

Por outra banda no apartado 4 indica:

4. No prazo de 5 días hábiles contados dende a recepción desta resolución deberá poñerse en contacto co profesorado das materias afectadas achegándolles unha copia da resolución e informándoo da súa situación.

Requisito que cumpre o alumno establecendo contacto coa profesora da materia, quen non lle oferta/propón un sistema alternativo ao recollido na guía docente para o resto do alumnado.

Consultada a guía docente da citada materia obsérvase que no apartado referido ao *sistema de avaliación* recolle o seguinte:

“CASUÍSTICAS ESPECÍFICAS DA AVALIACIÓN:

1. Avaliación do alumnado con exención parcial de asistencia es actividades presenciais (dispensa). Este alumnado deberá poñerse en contacto co profesorado da asignatura nos quince primeiros días do semestre correspondente de clase para concretar o plan de traballo e o sistema de avaliación.”

Hai que indicar que non existe a figura da “*exención parcial de asistencia*” á que se fai referencia, senón a dispensa de asistencia a clase que é o dereito que recolle a Instrución I/2017. Como se pode observar en dita guía tampouco se está a establecer ningún requisito ou condicionante específico para que os alumnos con dispensa poidan superar a materia. Pola contra indícase que se concretará un plan de traballo e un sistema de avaliación para os alumnos que teñen concedida a dispensa.

Por todo o anteriormente exposto, recomendo que faga as xestións oportunas diante do profesorado da materia na procura dunha solución que garanta o cumprimento da resolución de dispensa xeral concedida ao alumno e no exposto na guía docente da materia, no apartado “*Casuísticas específicas da avaliación*”.

A Sra. decana da Facultade informou con posterioridade das actuacións levadas a cabo en relación coa recomendación efectuada:

- Non consideramos que haxa que tomar ningunha medida especial con respecto ás condicións de superación da materia para este alumno, xa que supoñería un agravio comparativo con respecto ao resto de alumnado nas mesmas condicións e no apartado 2 da resolución de concesión da dispensa quedan matizadas as limitacións de xeito xeral.
- Solicitar ao profesorado da materia que de cara ao curso que vén se expoñan claramente no apartado de avaliación as condicións para superala no caso de alumnado con dispensa. A dita solicitude estenderase a todo o profesorado, a fin de que non haxa lugar a interpretacións.
- Por parte do decanato valorar e decidir como proceder coas solicitudes de dispensa de asistencia a clases que afecten a materias que inclúan actividades de asistencia obrigatoria, de xeito que ou ben non se concedan as dispensas para esas materias ou se recollan de xeito explícito na resolución as condicións concretas especificadas nos programas para cada unha delas.”

Q 2303/02

Foi presentado un escrito pola alumna motivado pola adxudicación dunha praza Erasmus que na convocatoria establecía como requisito un nivel de estudos de inglés, que posúe a alumna, e con posterioridade a universidade de destino indica que todas as materias son cursadas en alemán; o que implica que a alumna non poida desenvolver o Erasmus nesa universidade nin acceder a outro destino con requisito de inglés ao non quedar prazas vacantes.

Dende o Servizo informan das actuacións e comunicacións recibidas da Universidade de destino e que son as causantes da situación exposta. Con posterioridade a Sra. vicerreitora comunica que á alumna se lle asignou unha mobilidade para o segundo semestre do vindeiro curso e excepcionalmente, autorizóuselle a levar no seu acordo de estudos 18 ECTS en lugar do mínimo recollido no regulamento de intercambios, por ser eses 18 créditos de laboratorio, e impartirse en inglés.

Q 2303/03

Foi presentado un escrito por unha persoa motivado pola comunicación dunha corrección de erros na que se lle informa que se lle inclúe na relación de persoal admitido nun proceso selectivo pola quenda xeral, eliminándoa da relación de persoas admitidas pola cota de reserva para persoas con discapacidade como tiña sido publicado con anterioridade.

No informe solicitado a Sra. vicexerenta Xeral Técnica da USC, da conta detallada do acontecido en todo o proceso e indica que:

“.../Polo exposto, e como consecuencia da estimación dos devanditos recursos, a resolución reitoral do 12 de abril de 2023 modifica, novamente, a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao procedemento selectivo para o acceso á categoría de auxiliar técnico de servizos convocado por resolución reitoral do 26.11.2021, en virtude da cal se admite na quenda de discapacidade a todas aquelas persoas solicitantes que acreditaran a exención de taxas por ter unha discapacidade igual ou superior ao 33%, entre as que figuran a presentadora da queixa.”

Así pois, entendendo que o motivo obxecto da queixa está liquidado infórmolle que procedemos ao remate da tramitación da mesma e ao seu arquivo.

Q 2303/04

Foi presentado un escrito por unha alumna motivado polo procedemento de xestión do intercambio Erasmus, xa que unha vez concedido infórmase que non é posible o recoñecemento académico dos estudos na universidade de destino.

O informe solicitado á Sra. decana da Facultade, indicaba o seguinte:

“.../ **Terceiro.**- O día 29 de marzo de 2023 o coordinador académico de intercambio entre a Facultade da USC e a Facultade de Lion (Francia), , responde a un correo da RAM da Facultade no que lle solicita información sobre o tema, e comunícalle, que é imposible encontrar equivalencias de materias xa que en Lion teñen moitas materias transversais. Polo que para convalidar cada materia tería que facer varias materias transversais o que supón moitos créditos e matricularse en materias de diferentes cursos en Lion, o que non é posible por coincidencia de horarios.

Así mesmo, infórmalle que, desta circunstancia advírteselle aos alumnos cando pasan a informarse e asesorarse con él antes de elixir destino. .../

1) Consideracións legais e técnicas:

Primeira.- O Regulamento de Mobilidade da USC establece no seu art. 5.a) e 5.e) que é unha función do coordinador informar e orientar aos estudantes da USC sobre as universidades de destino e posible recoñecemento académico dos estudos que se realizan durante o período de mobilidade, así como, comprobar a equivalencia entre as materias que os estudantes van cursar na universidade de destino e aquelas nas cales se van a matricular na USC.

Aínda que o regulamento non fai referencia ao momento en que o coordinador ten que realizar estas funcións, débese entender que o alumno debe contactar con él antes de elixir destino e, en todo caso, antes do remate do período establecido no mencionado regulamento para renunciar ou presentar reclamación.

Neste caso a alumna contactou co coordinador a posteriori da elección e unha vez rematados todos os prazos mencionados anteriormente.

A solicitude da alumna, o coordinador, emitiu o informe que figura como Anexo I a este escrito, para presentalo ante a oficina de Mobilidade e tratar de que non se produza a suspensión da participación en programas de intercambio, tal e como establece a normativa. O mencionado informe alude a que este destino normalmente se elixe para cursar prácticas tuteladas obrigatorias ou ben para estudantes que queren facer materias optativas ou estudantes de máster.

INFORME:

Por todo o exposto con anterioridade a Facultade, de acordo coa normativa vixente, non informa favorablemente sobre o solicitado pola alumna, xa que o acordo académico pódese facer aínda que non sexa o que a alumna pretende dende o principio.

Non obstante, a Facultade considera que a normativa da USC sobre intercambios universitarios debería revisarse no relativo á obriga dos estudantes de asesorarse, con anterioridade á elección de destino, cos coordinadores dos distintos programas de mobilidade aos que poden optar e evitar situacións como as que menciona a recorrente.”

Q 2304/01

Foi presentado un escrito por un membro do Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos referida ao emprego do idioma castelán en distintos ámbitos da Universidade, expoñendo que só se emprega esta lingua na aplicación de rexistro da USC e

que nunha cafetería-comedor da USC toda a información que se ofrece aos usuarios e clientes está en castelán.

Solicitáronse os seguintes informes ao respecto:

- Informe xustificativo da Secretaría Xeral referido á aplicación de rexistro “Geiser”:

“A aplicación de rexistro “Geiser” foi desenvolvida pola Administración Xeral do Estado, a través da Secretaría Xeral de Administración Dixital. Dita aplicación non dispón de soporte multilingüe e tanto para os textos das pantallas como para a documentación que xera só emprega como idioma o castelán.

No mes de novembro do ano 2017, a Universidade de Vigo enviou unha consulta á Secretaría Xeral de Administración Dixital relativa ao soporte multilingüe da aplicación. A resposta dada foi *“No, de momento no se está desarrollando nada, ni tenemos previsto hacerlo. Hay un soporte básico para los rótulos de las páginas, nada más.”*

Posteriormente, a secretaria xeral da Universidade de Vigo, como Presidenta da Sectorial de Secretarios Xerais da CRUE, contactou coa subdirectora xeral de Coordinación de Unidades TIC, para suxerir que en versións posteriores da aplicación se inclúa esta posibilidade, tanto en pantallas como para a xeración do documento que serve de “recibo” na lingua propia. A resposta foi que *“Consultado a la dirección de proyecto, sentimos comunicarles que de momento no se ha podido abordar la creación de plantillas para justificantes de entrega, de forma que cada organismo pueda personalizar el mensaje del mismo. Durante este tiempo se han estado priorizando las funcionalidades que tenían más demanda para que GEISER sea de más utilidad para toda la comunidad que lo ha adoptado ya como registro. No obstante, es algo que tenemos en cuenta pero a día de hoy no podemos comprometer fecha en la que estará implementado”*.

A Universidade de Santiago de Compostela comezou a empregar oficialmente a aplicación de rexistro “Geiser” o 1 de xullo do ano 2019, tras a sinatura dun convenio de colaboración entre a USC e a Administración do Estado para o uso desta ferramenta.

Neste ano tamén se fixeron xestións, xunto con outras universidades con lingua cooficial, para solicitar a implantación dunha versión multilingüe.

Situación actual.

Trátase dun problema común que afecta a todas as comunidades autónomas con lingua propia polo que dende a USC contactamos informalmente cos responsables da aplicación a través da Comisión Sectorial de CRUE-TIC para interesarnos pola situación actual.

Polo que se nos indicou, a Secretaría Xeral de Administración Dixital está a desenvolver na actualidade unha nova versión da aplicación (Geiser2) que disporá de soporte multilingüe.

Así mesmo, indicánnos que se prevé que esta versión estea dispoñible nun prazo de 1 a 2 anos.”

- Informe do Servizo de Contratación e Patrimonio sobre a información en castelán na cafetería-comedor:

“O Valedor da Comunidade Universitaria solicita información sobre se está incluída a obriga do cumprimento do Regulamento de Usos Lingüísticos da USC (antes Regulamento do uso do Galego), nos pregos de condicións xerais do contrato de prestación de servizos adxudicado á empresa adxudicataria do servizo.

Ao respecto cabe indicar o seguinte:

Primeiro.- O artigo 3 dos Estatutos da USC, aprobados polo decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, establecen:

1 A lingua galega é a lingua propia da Universidade de Santiago de Compostela.

2 A Universidade de Santiago de Compostela potenciará e garantirá, no marco das súas competencias, o uso pleno da lingua galega en todos os ámbitos.

Segundo.- O Regulamento de usos lingüísticos da Universidade de Santiago de Compostela aprobado polo Consello de Goberno o 22.10.2022, en substitución do acordo da Xunta de Goberno do 22.12.1993, establece no artigo 2:

*A USC, sempre que sexa posible, incluírá a **esixencia do cumprimento polos seus contratistas das obrigas previstas neste regulamento** nos pregos de condicións xerais daqueles contratos que teñan por obxecto **a prestación de servizos aos membros da comunidade universitaria.***

Terceiro.- E o artigo 5.3:

“Os rótulos, indicadores, letreiros, sinalización, tanto exteriores coma interiores, que identifiquen bens de propiedade ou produto da Universidade estarán en galego..”.

Cuarto.- Tamén o artigo 10. Usos lingüísticos nas relacións cos cidadáns.

*1. O persoal de administración e servizos da USC e os **contratistas da USC** empregarán o galego como lingua por defecto nas súas comunicacións orais e escritas cos cidadáns, agás cando os interesados demanden ser atendidos en castelán.*

Quinto.- Non obstante todo o indicado anteriormente, estas esixencias son posteriores á sinatura do contrato que ten por obxecto o servizo de cafetería, se ben se podería aplicar o establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que indica:

“El órgano de contratación posee la prerrogativa de interpretar el contrato objeto del presente pliego y resolver las dudas que ofrezca su cumplimiento...Podrá así mismo dirigir instrucciones a la empresa adjudicataria, siempre que no supongan modificaciones de las prestaciones autorizadas, ni se opongan a las disposiciones en vigor, a las cláusulas del presente pliego y del de prescripciones técnicas y demás documentos contractuales”.

Sexto.- O Servizo de Contratación e Patrimonio concedeu ao adxudicatario do servizo trámite de audiencia para que puidese facer alegacións e indicase que medidas ía tomar respecto da queixa presentada.

Sétimo.- O adxudicatario envía varias fotografías, que se achegan con este escrito, no que figuran os carteis xa en galego. “

Q 2304/02

Foi presentado un escrito por un alumno do Grao motivado pola actitude do profesor coordinador dunha materia durante o proceso de docencia e avaliación.

Dende o decanato intentaron establecer comunicación do profesor de forma infrutuosa, xa que o mesmo acababa de xubilarse.

Ante as dúbidas suscitadas no proceso de revisión da cualificación da materia sobre a posibilidade de minorar a cualificación inicial solicitouse un informe ao respecto á Secretaría Xeral da USC, e no mesmo se clarificaba que:

“.../o procedemento é o mesmo revisión e ,de ser o caso, reclamación. Para poder reclamar é necesario realizar a revisión. Só procedería a redución da cualificación se no proceso de revisión se detecta un erro material”.

Q 2304/03 – Recomendación

Foi presentado un escrito por unha profesora expoñendo un incidente acontecido cun alumno durante o proceso de revisión da cualificación dunha materia.

Considerando que dito escrito reunía os requisitos formais necesarios foi admitido a trámite como unha queixa e iniciáronse as actuacións previstas no Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria, o que deu lugar a distintas reunións co estudante e coa profesora, así como co decanato.

Os feitos descritos na queixa e máis as entrevistas realizadas aconsellan evitar que exista unha nova relación persoal entre a profesora e o alumno, por iso recomendo que se realicen as actuacións oportunas para que a actividade docente e de avaliación do estudante sexa encomendada a outro docente, segundo solicita a profesora e en conformidade co expresado polo alumno.

Con posterioridade dende o Decanato informan:

“Este decanato realizou as actuacións pertinentes para seguir a recomendación do Valedor.”

Q 2305/01

Foi presentado un escrito por un profesor titular dun Departamento motivado por non ser atendida a súa petición de conciliación da vida persoal e profesional no proceso de asignación de docencia nese centro.

A Sra. decana da Facultade enviou o oportuno informe, no que xustifica o seguinte:

“.../Segundo o Calendario de Planificación Académica Anual 2023-2024 (CG do 29/11/2022), en primeiro lugar elabóranse os horarios (8-30 marzo), e, con posterioridade, levase a cabo o proceso de asignación de docencia ao profesorado a través do Plan de Ordenación Docente que abrangue do 31 de marzo ao 24 de abril, seguindo o procedemento descrito nos artigos 19-21 e 23-28 do Regulamento de Planificación Académica (CG 23/02/2023) respectivamente.

https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sxopra/descargas/Regulamento-de-PlanificacionAcademica-consolidado_CG-23-02-23.pdf_asinado.pdf_.pdf

Seguindo o procedemento descrito no apartado 4.2 da Normativa pola que se establece o procedemento de atención á conciliación da vida persoal e profesional do profesorado no proceso de asignación da docencia, o Departamento comunicounos, como centro afectado, a solicitude de conciliación do profesor para a súa valoración.

Tal e como indica o punto 4.4 da citada Normativa de conciliación, analizouse a docencia asignada nos dous últimos cursos ao profesor e os horarios que se estaban confeccionando para o 2023-24.

Tras unha análise minuciosa dos horarios do 2º curso, nos que os grupos de docencia expositiva, interactiva de seminario e titorías se sitúan normalmente pola mañá e os grupos de prácticas de laboratorio/aula informática con moita carga horaria se sitúan en quenda de tarde, estudiouse a posibilidade de mover estes grupos ao horario de mañá para atender a solicitude de conciliación, pero dado o axustado que está o 1º semestre que conta con unha semana menos respecto a cursos anteriores, non foi posible atopar unha solución factible de cambio que permitira unha coherencia e racionalidade na ordenación dos horarios.

Por este motivo, se informou da non posibilidade de impartir os grupos de docencia interactiva de laboratorio en franxa de mañá, co obxecto de que o correspondente Departamento puidera contemplar a posibilidade de asignarlle a docencia destes grupos a outro profesor para dar cumprimento ao indicado no artigo 25.11 do Regulamento de Planificación Académica que establece que os departamentos deberán favorecer medidas de conciliación entre a vida laboral e familiar de acordo coas accións recollidas na normativa.

Adicionalmente a todo isto, remitimos aclaración da Asesoría Xurídica da USC ao respecto, na que nos indica que non se debe confundir a conciliación coa redución de xornada, (coa conciliación a xornada segue sendo de 35 h semanais) e tampouco se debe confundir coa flexibilidade horaria, na que o tempo de ausencia será recuperado dentro da franxa do horario flexible que se fixe. A conciliación unicamente prevé a toma en consideración das circunstancias familiares para outorgar preferencia á hora da elaboración do POD, é dicir, trátase de adaptar a xornada ás necesidades familiares, non reducila, sendo obrigatorio cumprir coa totalidade da mesma. A redución da xornada é un dereito do traballador, a adaptación do horario, (conciliación) é un dereito de solicitude que a Administración valora en función das necesidades organizativas e que, polo tanto, pode concedela ou non de xeito motivado. A flexibilidade horaria é tamén un dereito de petición. “

Q 2305/02 - Recomendación

Foi presentado un escrito por unha alumna do Grao acompañado de 35 sinaturas doutros estudantes motivado pola simultaneidade dos exames oficiais en data e hora en dúas materias de cursos diferentes.

En relación co tema obxecto da queixa: a sincronía de data e hora en exames oficiais a *Normativa de Avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións* no art. 1 *Programación Docente* recolle o seguinte:

6. Na programación do calendario de exames evitarase que un estudante sexa convocado a probas oficiais de carácter global de distintas materias do mesmo curso nun prazo inferior a vinte e catro horas. En todo caso, terá dereito a que a realización das probas oficiais de carácter global correspondentes non lle coincidan en data e hora dentro do mesmo curso. Os centros deberán regular o procedemento para garantir o dereito do alumnado á non coincidencia das probas oficiais de materias correspondentes a cursos diferentes en día e hora

Por iso, recomendo que dende a Facultade se adopten as medidas necesarias para garantir o dereito do alumnado á non coincidencia das probas oficiais en día e hora.

Con posterioridade o Sr. decano enviou unha comunicación na que expoñía:

“.../Ademais da normativa, é preciso lembrar, que na nosa facultade, non coinciden as datas dos exames no mesmo curso, e de acordo á normativa mencionada procuramos e ata o de agora conseguimos que non coincidan con cursos consecutivos, pero debido ao número de alumnos, e dispoñibilidade de aulas e de profesores, é imposible neste grao evitar estas coincidencias en cursos non consecutivos. Por outra banda, se houberse posibilidades de modificar neste momento datas e/o horas de exames, o prexuízo que posiblemente se ocasionaría a outros alumnos -non advertidos previamente destes cambios- superaría os beneficios que se poderían ocasionar aos alumnos que presentaron a queixa, coñecedores das datas dos exames con anterioridade á realización da matrícula.

Non procede neste momento mencionar as características do grao da USC, pero este decanato considera que non é posible realizar estes cambios neste momento, e que tampouco procede propoñer aos coordinadores das materias, a repetición dos exames.

Tanto os delegados que foron consultados na elaboración do calendario de exames, como os alumnos membros da Xunta de Facultade, coñecían esta situación, e non se presentou alegación algunha.

Lamentamos esta queixa, que nos custa entender que fose presentada con todos os calendarios aprobados, pero consideramos que se deben manter as datas e horas dos exames, tal e como foron aprobadas na Xunta de Facultade.”

Q 2305/03

Foi presentado un escrito por un alumno dun Grao en relación co proceso da Convocatoria de descentralización de dispositivos para último curso.

No informe solicitado ao Sr. decano da Facultade, explicábase detalladamente o proceso e calendario de solicitude e asignación de dispositivos descentralizados, e no caso concreto do alumno indicaba que non presentara a solicitude de asignación formalmente aínda que o fixo posteriormente nun correo electrónico e non acompañaba ningunha documentación xustificativa. Polo que lle comunicaron que non restaban prazas no dispositivo demandado polo alumno, asignándolle outro.

Tras unha xuntanza co equipo decanal do centro, consideraron revisar o seu caso pedíndolle que aportara documentación adicional para xustificar a súa solicitude. Posteriormente accederon á nova solicitude do alumno.

Q 2305/04

Alumno dun grao que solicita o depósito do título, e despois de agardar pola recepción da certificación supletoria un prazo razoable e non recibila ponse en contacto coa UXA para interesarse pola demora e indícanlle que non llo poden tramitar porque está matriculado dunhas prácticas extracurriculares que non están rematadas.

Solicitada información ao respecto efectivamente verifícase que o estudante está matriculado nunhas prácticas extracurriculares cuxa estancia está pendente de rematar e non están avaliadas, polo que para poder obter o título sería preciso que anulase as ditas prácticas ou lle sexan avaliadas.

Con posterioridade o alumno informa que as prácticas fóronlle avaliadas negativamente e xa dispón da certificación do depósito do título.

Q 2305/05

Foi presentado nesta Institución un escrito en representación do Consello do Estudantado referido ao procedemento de presentación de propostas no Claustro Universitario.

O mesmo non foi admitido a trámite como unha queixa ao entender que non se estaba conculcando ningún dereito e que o Acordo da Mesa do Claustro do 28 de abril de 2023 sobre o *Procedemento para a presentación e tramitación de propostas no Claustro Universitario* é conforme á normativa.

No entanto comunicóuselle aos presentadores que se dá traslado á Secretaría da Mesa do Claustro da súa petición, para que se estude a posibilidade da desexable flexibilización do citado procedemento acordado.

Q 2305/06

Problemática exposta por unha alumna e referida a unha solicitude de cambio de dispositivo hospitalario para facer o rotatorio no Grao.

Feitas xestións ante o Decanato da Facultade, indican que á vista da nova documentación aportada a Comisión decidiu autorizar o cambio solicitado.

Q 2305/07

Foi presentado un escrito por unha participante no proceso selectivo dunha praza de profesor/a axudante doutor, motivado polo proceso de presentación dos méritos dos candidatos.

O Sr. vicerreitor de Profesorado da USC xustifica o seguinte:

“PRIMEIRO.- Os procesos selectivos para a cobertura de prazas de profesorado na USC veñen regulados polo Regulamento de Selección de Profesorado Non Permanente (modificado por acordo do Consello de Goberno do 7 de febreiro de 2020), para a cobertura de prazas de persoal docente e investigador contratado con carácter non permanente, polo Regulamento para a Selección de profesorado con vinculación permanente (aprobado por acordo do Consello de Goberno do 27 de setembro de 2019), para a cobertura de prazas de persoal docente e investigador cuxa vinculación teña carácter permanente (isto é, profesorado dos corpos docentes universitarios e o profesorado contratado doutor), e polas respectivas convocatorias.

No caso dos procesos selectivos referidos ao profesorado contratado con vinculación non permanente, de acordo co artigo 15 do Regulamento de Selección, as solicitudes para a participación nos concursos dirixíranse á Reitoría no prazo que estableza cada convocatoria, que en ningún caso será inferior a cinco días hábiles nin superior a quince, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia, e, de acordo co artigo 18 do citado regulamento, as comisións de selección constituiranse no prazo máximo de dous meses contados desde o día seguinte á data de publicación no Diario Oficial de Galicia da correspondente convocatoria, indicándose á súa vez, de acordo co apartado cuarto do mesmo artigo, que no acto de constitución e antes de acceder á documentación achegada polos aspirantes, a comisión de selección aprobará e publicará no taboleiro electrónico os criterios de valoración de méritos que rexerán o concurso, polo que é perfectamente posible, de acordo coa normativa que rexe os procesos selectivos do profesorado contratado con vinculación non permanente na USC, que se aproben os criterios de valoración unha vez se teña xa rematado o prazo de solicitudes e se coñeza xa a listaxe de aspirantes admitidos/as ao concurso respectivo, sendo de feito, a práctica habitual nos procesos selectivos de profesorado non permanente na USC.

SEGUNDO.- Dito o anterior, cómpre indicar que, de acordo co establecido no artigo 13 do Regulamento de Selección de Profesorado Non Permanente, dentro do contido mínimo da convocatoria debe figurar "*f) as probas que haberá que realizar, así como o baremo de méritos e/ou os criterios obxectivos de valoración*". Os baremos incluídos na convocatoria deben corresponderse cos previamente establecidos no propio regulamento, nos seus anexos I, II, III,

IV, e V (referidos ás figuras de profesorado axudante doutor, profesorado interino de substitución e listaxes de agarda, profesorado asociado, profesorado asociado de ciencias da saúde, e axudantes, respectivamente). Por outra banda, os criterios que aprobe a comisión **deben axustarse ao baremo que corresponda, en función da categoría da praza en concurso.** Por conseguinte, a xuízo desta Vicerreitoría, os candidatos coñecen previamente, de acordo coa información indicada tanto no regulamento como na correspondente convocatoria, o baremo que se vai aplicar no concurso. Este baremo precisa non só o tipo de méritos que poden ser alegados en cada apartado, senón a puntuación máxima que se pode obter por cada un deles e as puntuacións máximas que se poden alcanzar en cada apartado e subapartado. Consecuentemente, esta Vicerreitoría entende que os candidatos contan con información suficiente para elaborar a súa solicitude e para seleccionar os méritos que lles resultan máis favorables.”

Q 2306/01

Recibiuse nesta Institución un escrito referido a un suposto erro na solicitude como beneficiaria da axuda para o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos.

O mesmo non foi admitido a trámite como unha queixa ao entender que non se estaba conculcando ningún dos seus dereitos.

No entanto, realizáronse xestións diante do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado interesándonos pola problemática descrita, informando de todos os trámites efectuados dende ese Servizo para a posible subsanación do erro sen que se producira ningunha actuación por parte da interesada.

Q 2306/02 - Recomendación

Foi presentado un escrito por representación do alumnado dun Grao expoñendo distintas problemáticas referidas a dúas materias. Consideran que a calidade da docencia é deficiente, polo que unha proporción considerable de alumnos abandona a asistencia ás clases, e os métodos de avaliación non son razoables, o que provoca que a porcentaxe de aprobados en cada convocatoria é moi baixa (5-10%). Neste mesmo sentido teñen dirixido un escrito á Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo detallando os aspectos referidos.

Admitido a trámite como unha queixa solicitouse un informe á dirección do Centro, comunicando de xeito detallado as actuacións que tiña realizado ao respecto e no que indicaba:

“.../Ante esta situación, a dirección do Centro ve con preocupación e impotencia este tema pois non contamos con ferramentas legais de ningún tipo para intentar revertir a situación xa que a competencia sobre os Plans de Ordenación Docente é dos Departamentos. Sobre o resto de aspectos relatados no escrito dos estudantes, tampouco recibimos información sobre a

aplicación de fichaxe das clases coa que poder comprobar a puntualidade no inicio das clases ou sobre os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado especificados por materia, de maneira que estas problemáticas unicamente chegan ao centro cando se presenta unha reclamación máis ou menos formal.

Neste senso, sinalamos que os datos que poden ser máis obxectivos son os relacionados coas taxas de éxito das materias sinaladas no escrito en comparación coas demais materias que cursa o alumnado en primeiro curso, e que achegamos xunto a este escrito. É información pública que procede dos indicadores elaborados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos e aos que os representantes dos estudantes teñen acceso como participantes na Comisión de Título.

No Plan de Melloras do Grao, incorporado na Memoria de Calidade do Centro do curso 2021-22 establecéronse accións de mellora para incrementar as taxas de éxito e rendemento nalgunhas materias de primeiro curso, fundamentalmente nunhas que se pretenden identificar de maneira construtiva as accións concretas que poden levar a cabo os profesores para mellorar as taxas e que son accións centradas no estudantado. En calquera caso, enténdese que o citado profesor non é receptivo ás suxestións feitas pola Comisión de Título.

A dirección do Centro agradece o Valedor da Comunidade Universitaria o seu interese e solicítalle que faga o posible para buscar unha solución acorde á queixa formulada polos representantes do alumnado do Grao sen menoscabo dos dereitos do profesor en exercicio da súa liberdade de cátedra.”

Asemade, dende a dirección do Centro remiten un documento onde se recollen as taxas de éxito e de rendemento nas referidas materias ao longo de distintos cursos académicos.

Así pois, á vista dos anteriores informes pode apreciarse que se está a producir nesas disciplinas, unha desviación significativa no rendemento académico respecto da media resultante para as materias de primeiro curso e para a titulación do Grao.

Polo que dou traslado dos presentes datos para a súa análise pola *Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa* e recomendo que se leven a cabo as actuacións previstas para estas situacións conforme ao establecido na *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*, en concreto no *Art. 10. Actuación de oficio da Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa delegada do Consello de Goberno*.

O Sr. vicerreitor de Organización Académica e do Campus de Lugo informou das actuacións levadas a cabo en relación coa recomendación efectuada con data 06/07/2023 por este valedor, indicando:

“1.- O día 6 de maio de 2023, envíase correo electrónico, ao Dpto, e á Dirección do Centro, solicitando que emitan informes en relación á problemática xurdida cos alumnos das materias.
2.- O 11 de maio de 2023 recibíuse contestación do Dpto na que se indica que se trataría de facer unha rotación no profesorado desta materia para o curso 2024-2025.

Unha vez analizado este escrito, a vicerreitoría reuniuse cos alumnos o 1 de xuño de 2023 para trasladarlles que se faría todo o posible para intentar resolver o problema no curso 2024-25, tal e como se reflexa no escrito do Dpto.

Non tendo posteriores noticias, nin da dirección do centro, nin dos alumnos afectados, dende esta vicerreitoría enténdese que se está a esperas do próximo POD para ver que solución se lle dá a esta problemática dende o citado departamento.”

Q 2306/03

Foi presentado un escrito por unha participante nun proceso de selección de profesorado en relación coa demora da sinatura dun contrato como profesora contratada doutora.

O Sr. vicerreitor de Profesorado enviou o correspondente informe no que indicaba:

“.../SEGUNDO.- O criterio xeral aplicado pola Vicerreitoría de Profesorado, naqueles casos en que unha convocatoria inclúe varias prazas dunha mesma área de coñecemento e categoría, como é o caso que nos ocupa, é proceder a autorizar a contratación dos candidatos propostos na mesma data, criterio que xa foi transmitido á candidata, en resposta a unha consulta realizada pola interesada a esta. Este é o motivo, seguindo o criterio xeral antes citado, polo que aínda non se procedeu a autorizar a contratación da candidata, ao non terse resoltos, no momento en que presentou a documentación acreditativa dos requisitos para poder ser contratada, todos os concursos convocados pola resolución do 30 de marzo de 2023, para a mesma categoría da área de coñecemento.

Compre indicar que dito criterio responde tanto a necesidades de organización do Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador, servizo encargado de tramitar as correspondentes autorizacións de contratación, como ao obxectivo de evitar situacións de desigualdade de trato entre candidatos propostos en diferentes concursos convocados pola mesma convocatoria para unha mesma categoría dunha mesma área, que poden ter efectos a efectos do recoñecemento da antigüidade na nova figura pola que son contratados e na fixación da docencia do correspondente departamento.

TERCEIRO.- Resoltos xa os concursos da categoría de profesor/a contratado/a doutor/a da área de, pola que se convoca concurso público para a provisión de prazas de profesorado contratado doutor, e unha vez sexa presentada a documentación acreditativa dos requisitos necesaria para proceder á autorización da contratación das dúas aspirantes que foron propostas para a contratación nos concursos, procederáse a autorizar sen mais dilación as autorizacións de contratación das tres prazas convocadas para a categoría de profesor/a contratado/a doutor/a da área, seguindo o criterio xeral aplicado por esta Vicerreitoría para autorización da contratación de prazas da mesma categoría e área de coñecemento convocadas pola mesma convocatoria.”

Así pois, á vista do exposto no anterior informe, indicóuselle á presentadora da queixa que se estaba desconforme co criterio que emprega a USC e que comunica o Sr. vicerreitor, debería acudir aos órganos de representación sindical do PDI, para tentar a súa modificación.

Q 2306/04

Foi presentado un escrito por un estudante do Grao motivado pola negativa dun profesor a desenvolver a adaptación curricular nun exame recomendada polo Servizo de Participación e Integración Universitaria da USC.

Realizáronse actuacións ante o decanato do centro, a dirección do departamento e o profesor da materia para que se tiveran en conta as necesidades do estudante. Froito desas xestións, o problema foi solucionado de xeito satisfactorio para o alumno.

Q 2306/05

Foi presentado un escrito por un estudante de terceiro ciclo motivado polos problemas xurdidos para a presentación e defensa da súa tese de doutoramento.

Deuse traslado do escrito á Dirección da EDIUS dende onde dan conta das actuacións realizadas por parte da Escola de Doutoramento así como dos informes de expertos externos que teñen feito propostas de mellora da tese.

Q 2307/01

Foi presentado un escrito por un membro do PTXAS, motivado pola denegación dunha solicitude de cambio de horario de 8h. a 14h no período de verán, necesario para a súa conciliación laboral e persoal, por ter ao seu cargo dous fillos menores e ao seu pai, de idade avanzada.

O Sr. xerente da Universidade de Santiago de Compostela xustifica o seguinte:

“.../Quinto: O día 16 de xuño de 2023 o interesado presentaba solicitude de adaptación do horario en períodos de redución horaria (vacacións e festivos) para poder facelo de 8 - 8.15 h a 14 -14.15 h e poder así ter a posibilidade de conciliación.

Sexto: O día 19 de setembro, se lle envía pola dirección da área de Persoal un correo electrónica co seguinte contido

En resposta á súa solicitude de cambio de horario no período de verán, infórmolle que o artigo 7.4 da Instrución da Xerencia relativa ao calendario de festas, vacacións, permisos e horario do Persoal de Administración e Servizos, para o ano 2023 establece respecto ás adaptacións da xornada reducida o seguinte:

"Co obxecto de prestar os servizos necesarios á comunidade universitaria e tendo en conta a planificación que estableza o calendario académico aprobado polo Consello de Goberno, a redución de xornada e os horarios establecidos con carácter xeral para os períodos de verán, Semana Santa e Nadal poderán ser modificados en función das necesidades dos respectivos

servizos, logo da comunicación á Xerencia que lle dará traslado aos órganos de representación do persoal".

Polo tanto, como vostede indica, o responsable indica que o horario de 8 a 14 non permite a cobertura do servizo, polo que deberá realizar a súa quenda de 9 a 15 horas, tal e como se recolle na devandita instrución, tal e como aconteceu o ano pasado. Un saúdo

Sétimo: A instrución da Xerencia relativa ao calendario de festas, vacacións, permisos e horario do Persoal de Administración e Servizos, para o ano 2023, establece o seguinte:

7.2 Xornada de verán *Con carácter xeral, nos meses de xuño, xullo e agosto a xornada semanal será de 30 horas de traballo, que se desenvolverá para o persoal en quenda de mañá nun horario de 9:00 a 15:00 e para o persoal en quenda de tarde de 15:00 a 21:00 horas. Os centros docentes e as bibliotecas permanecerán abertos de 9:00 a 21:00 horas. No obstante o anterior, aos efectos de compaxinar as necesidades da Universidade cos lexítimos intereses do seu persoal, estarase ao establecido no apartado 7.4 desta instrución. A redución horaria dos traballadores a tempo parcial será proporcional ao número de horas que represente o seu contrato de traballo.*

(...)

7.4. Adaptacións das xornadas reducidas *Co obxecto de prestar os servizos necesarios á comunidade universitaria e tendo en conta a planificación que estableza o calendario académico aprobado polo Consello de Goberno, a redución de xornada e os horarios establecidos con carácter xeral para os períodos de verán, Semana Santa e Nadal poderán ser modificados **en función das necesidades dos respectivos servizos**, logo da comunicación á Xerencia que lle dará traslado aos órganos de representación do persoal*

Oitavo: O informe do coordinador é desfavorable á solicitude, motivando que polas necesidades de servizo non cabe a modificación horaria do interesado, toda vez que os auxiliares técnicos de servizos son os que teñen que abrir e pechar todos os edificios da agrupación, tendo estes un horarios de apertura e peche de 9 a 15 horas respectivamente en período de xornada."

Q 2307/02

En relación cunha queixa presentada por 25 alumnos dun Grao e motivada pola docencia e avaliación dunha materia de 3º curso.

O Sr. decano da Facultade informou das actuacións realizadas ao respecto, indicando o seguinte:

".../Con data 17 de xullo tivo lugar unha reunión no despacho do decano na Facultade na que participaron o profesor encargado da materia, o vicedecano, e o propio decano. Nesa reunión deuse coñecemento ao profesor do contido do escrito, así como das solicitudes específicas dos representantes do alumnado da materia.

O Prof. manifestou que o material de apoio era moi similar ao que tiña á súa disposición o alumnado de cursos anteriores e que nunca tivera queixas neste sentido. Expresou tamén que a asistencia ás clases este curso foi moi inferior á de cursos anteriores e, quizais por iso, unha

parte do alumnado poda pensar que o material de apoio é insuficiente. En referencia á non asistencia do profesor aos seminarios do día 24 de abril, o prof. indica que quedou co alumnado presente nas clases os días anteriores en non impartilos para darlles máis tempo para o estudo da materia, dado que eran seminarios nos que intervirían profesionais de diferentes empresas para dar unha visión das aplicacións da enxeñaría das proteínas dende un punto de vista non académico, e que eses non entrarían como materia de exame.

Referente ao exame, que foi o mesmo que puxera no curso académico anterior acadando o alumnado moi boas cualificacións, o Prof. expresou a súa sorpresa polas baixas cualificacións obtidas no presente curso, e que relaciona con esa falta de asistencia mencionada con anterioridade.

Un tema aparte tratado na antedita reunión foi o referente ao tweet publicado na conta do profesor tras o período de revisión do exame. O profesor indica que foi resultado da súa frustración polos baixos resultados obtidos, e que en ningún caso quería humillar ou ridiculizar ao alumnado. Indica tamén que é unha conta exclusivamente persoal, que non utiliza para comunicarse co alumnado, e que dita conta non ten seguidores que formen parte do alumnado da materia, nin por suposto el sigue dende esa conta a ningún alumno. Recoñece, en calquera caso, que puido estar fora de lugar, e que non se volverá a repetir.

Froito desta reunión, e tendo en conta as solicitudes dos representantes do alumnado, o Prof. acaba de solicitar a este decanato que se lle abra un período especial para modificar a guía docente da materia para o curso 2023/24.”

Q 2307/03 - Recomendación

Tense recibido un escrito presentado por un alumno do Grao e representante de estudantes na Facultade referido á imposibilidade de facer un exame por motivos de enfermidade nunha materia. O alumno indica que a véspera do día do exame tivo que acudir ao hospital e estivo ingresado e a tratamento médico durante unhas horas, diagnosticándolle gastroenterite aguda coa recomendación de gardar repouso. Estableceu contacto mediante correo electrónico co profesor para expor a súa situación, obtendo como resposta: *“Como bien sabes, el examen de la asignatura fue el 4 de julio, por lo que tendrás que presentarte el curso que viene.”*

É preciso sinalar que este é un tema recorrente nesta institución e que despois de moitos anos segue sen unha solución aceptable quedando á sensibilidade do profesorado contemplar esta circunstancia de saúde e proceder a un cambio de data de exame.

En efecto, xa en febreiro do 2016 este valedor presentou á Secretaría Xeral unha recomendación na que se facía referencia a tres cuestións para a súa análise e toma de decisións por parte da USC:

- Conciliación actividades académicas e actividade laboral
- Conciliación actividades académicas e vida persoal e familiar
- Compatibilidade obrigas académicas con situación de saúde.

Das tres cuestión sinaladas a USC tomou en consideración e adoptou medidas respecto ás dúas primeiras, e estableceu regulamentación tendente a favorecer a conciliación coa actividade laboral e coa vida familiar pero no seu momento non se fixo nada para ter en conta os problemas de saúde á hora das datas de avaliación. Tanto é así que en xuño do 2019 volvín a reiterar unha recomendación específica sobre as cuestións de saúde, na que se indicaba:

“.../ 3º.- Situacións sobrevidas de enfermidade grave ou de tratamentos médicos inaprazables:

Poden implicar a imposibilidade de realización dalgunhas actividades académicas ou mesmo dunha proba de avaliación na data oficialmente sinalada. A resolución destas situacións coa normativa actual non é homoxénea, quedando ao albur da discrecionalidade ou da perspectiva humana de quen teña que adoptar a decisión: profesorado, centro..., e que ás veces se constata carente de sensibilidade.

Cómpre aquí volver a citar o establecido nos nosos Estatutos:

Artigo 33 Son dereitos específicos do estudantado, sen prexuízo dos demais que lle poidan corresponder en virtude da normativa aplicable:

c) A adaptación das actividades docentes, así como das datas e mecanismos de avaliación, ás condicións ou circunstancias especiais en que se poida encontrar por discapacidade ou calquera outra que lle limite o exercicio dos seus dereitos académicos.

Así pois, recomendo que se adopten as medidas necesarias para dar efectivo cumprimento aos dereitos que xa se recoñecen nos textos normativos referidos nesta recomendación, adecuando as diferentes normativas específicas da USC (avaliación, asistencia, guías docentes...) para adaptalas tamén ás necesidades e demandas da sociedade actual, o que sen dúbida redundará nunha mellor prestación de servizos á mesma.

Seguindo o establecido no Estatuto do Valedor, en resposta á recomendación anterior, a Secretaría Xeral informou o seguinte:

“En relación ao expediente Q 1602/03, unha recomendación baseada nun conxunto de queixas presentadas polo alumnado da USC e relativas á conciliación da actividade académica coa actividade laboral, coa vida persoal e familiar, ou con outras situacións conectadas con problemas de saúde, médicos, etc., interesa indicarlle que a cuestión é certamente complexa e que hai a vontade de tratala no marco dunha norma ou protocolo sobre a asistencia ás aulas, o rendemento académico, os hábitos de conduta e outras vicisitudes da vida cotiá. Tal vontade esixe a intervención dos órganos de goberno da Universidade e o coñecemento da opinión da comunidade universitaria. Por todo iso, será mais acertado comezar por afrontar algún asunto puntual como a asistencia ás aulas ou a realización dos exames nos casos de problemas de saúde.”

A pesares do exposto no parágrafo anterior, constátase por este Valedor que no curso académico 2018/2019 o problema obxecto daquela queixa tramitada de

oficio non foi abordado no que se refire ao do dereito do alumnado á realización de exames nos casos de problemas de saúde, e o seu tratamento segue a ser discrecional e non homoxéneo por parte do profesorado.

Por iso, reitérolle dita recomendación no referido ao epígrafe 3º .../”

Como se pode observar no texto, a pesar da boa acollida por parte da Secretaría Xeral segue sen solucionarse o problema.

Nestes momentos na USC contéplase que os motivos de saúde son causa suficiente para non considerar de xeito negativo a falta de asistencia ás aulas (Apartado terceiro da Normativa de asistencia a clase, aprobada polo Consello de Goberno con data 25 de marzo de 2010) pero non está regulamentado a non asistencia ás probas de avaliación por motivos sobrevidos de saúde (na Normativa de Avaliación do Rendemento dos Estudantes e de Revisión de Cualificacións aprobada polo Consello de Goberno do 15/06/2011 só se recolle como dereito o cambio de data pola asistencia a reunións dos órganos colexiados de representación universitaria).

Por todo o exposto efectúase a seguinte dobre recomendación:

- Reitero unha vez máis que por parte da USC se proceda a regulamentar o dereito do alumnado ao cambio de data de exame cando concorran circunstancias sobrevidas relacionadas co seu estado de saúde.
- Dado que este proceso regulador previsiblemente levará certo tempo, este valedor entende que se deberían facer as xestións oportunas para que o máis axiña posible, no caso singular do alumno presentador desta queixa se analice a posibilidade de repetición do exame.

Q 2307/04

Foi presentado un escrito por unha alumna en relación coa convocatoria 2023-2024 do Programa de Mobilidade de estudantes por Convenio Bilateral cara a universidades de países extracomunitarios. En concreto, manifesta a súa desconformidade co punto 2º de dita convocatoria, no que se detallan os requisitos xerais para participar na mesma, sendo un deles *“ter unha cualificación media mínima de 6 (protocolo SUG)”*. Esixencia que a alumna considera unha discriminación respecto a outras universidades nas que non se establece como requisito unha cualificación media mínima e solicita para as vindeiras convocatorias deste Programa de Mobilidade a equiparación cos estudantes das Universidades de Vigo, A Coruña, Complutense, Barcelona, Valencia e Sevilla.

A Sra. vicerreitora de Titulacións e Internacionalización xustificaba o seguinte:

“.../No punto 2º da convocatoria 2023-2024 do Programa de Mobilidade de Estudantes por Convenio Bilateral faise referencia a un dos requisitos xerais para participar na mesma: “ter unha cualificación media mínima de 6 (protocolo SUG)”, que a alumna considera discriminatoria con respecto á política adoptada por outras universidades españolas.

O motivo da selección dese criterio por parte da Universidade de Santiago de Compostela e da súa Oficina de Mobilidade na convocatoria de mobilidade de estudantes por Convenio Bilateral cara a universidades de países extracomunitarios é de carácter práctico e deriva da súa prolongada experiencia neste programa. Cómpre sinalar que nos países cos que a Universidade de Santiago de Compostela mantén programas de intercambio (especialmente no caso de Latinoamérica), unha cualificación inferior a 6 nunha escala de 0-10 considérase moi baixa, o que levou no pasado a que candidatos/as de intercambio da nosa Universidade non foran aceptados polas universidades socias. A política xeral da Vicerreitoría é a de asegurar que as persoas candidatas seleccionadas para os distintos programas de intercambio sexan as idóneas para as prazas ofertadas, o que aconsella, no caso do Programa por Convenio Bilateral, establecer esa cualificación media mínima.”

Q 2307/05

Foi presentado un escrito por un profesor axudante doutor pola súa exclusión de apoios de candidaturas que realiza a USC dentro da Convocatoria de Consolidación Investigadora 2023 efectuada polo Ministerio.

Solicitada información ao respecto á Vicerreitoría de Política Científica, indican que foi un erro e que si será apoiada a candidatura presentada polo profesor.

Q 2307/06

Tense recibido un escrito colectivo asinado por 65 persoas integrantes dos colectivos de PTXAS e PDI e motivado pola progresiva perda de servizos que afecta ao Campus de Lugo, segundo a súa consideración. No escrito expoñen o seguinte:

“As persoas incluídas no listado abaixo recollido, persoal docente, investigador e de administración e servizos, no Campus de Lugo, queremos expresar a inquedaanza compartida pola progresiva perda de servizos que está a afectar a este campus.

A USC é unha universidade bicampus, coas vantaxes e desaxustes que iso supón. Dunha banda, permite presentar á cidadanía unha oferta de educación superior que contribúe ao equilibrio territorial e a unha máis real igualdade de oportunidades, mais pola outra xera desequilibrios que só unha xestión atenta, implicada e sensibilizada pode evitar.

Desde hai xa varios anos estanse a dar situacións que, lonxe de redundar nun maior equilibrio entre os dous campus a nivel de persoal e servizos, afondan nunha situación estrutural na que o de Lugo perde posicións relativas a respecto ao de Compostela.

Sen ánimo de sermos exhaustivos, e simplemente como unha proba da situación descrita, detallamos algúns dos problemas máis evidentes:

- (i) Asistimos a unha marcha continua e acelerada de profesorado ao campus de Compostela. Nos últimos anos é visible que profesores e profesoras que acceden a unha praza no campus de Lugo, ocúpana o menor tempo posible e emprégana como plataforma de acceso ao de Compostela. En ningún caso se trata de limitar a promoción profesional do profesorado nin de coartar decisións que afectan tanto á vida profesional como persoal, mais é evidente que a situación descrita redonda en prexuízo da oferta docente e investigadora ofrecida no campus de Lugo, afectado por unha temporalidade do seu persoal que impide a formación e o mantemento de equipos humanos estables imprescindibles para un desenvolvemento correcto do traballo universitario.
 - (ii) A relación de servizos ofertados á comunidade universitaria desde o campus de Lugo é proporcionalmente inferior á ofrecida en Compostela. A maior cantidade de alumnado neste campus é un argumento razoable a prol desta diferenciación mais, aínda así, o desequilibrio é evidente e tende a aumentar, de tal xeito que a diferenza estase a converter en agravio. Cómpre, xa que logo, un esforzo maior para conxugar dunha maneira máis acaída a realidade dunha distribución asimétrica do alumnado entre ambos os dous campus, coa imprescindible atención e servizo a un campus de Lugo que non por ter menos alumnas e alumnos debe satisfacer menos dereitos. Abonda con botar unha ollada á respectiva distribución da oferta do CLM, do PFID, dos servizos de oftalmoloxía, medios audiovisuais e deportivos, ou reparar no tema da Escola Infantil no campus de Lugo, para comprobar que o reparto non é proporcional nin equitativo, que provoca un desequilibrio nas respectivas dotacións e que, a medio prazo, pode derivar nunha posición de franca inferioridade en canto á cantidade e calidade dos servizos recibidos polo alumnado e o profesorado da USC no campus de Lugo.
- O argumento de que parte destes servizos poden emprestarse a distancia desde o campus de Compostela ten unha validez só relativa e supón unha verdade a medias. Para algúns servizos é claro que, simplemente, non poden executarse, ou a súa operatividade e utilidade diminúe moito desenvolvéndose deste xeito, por non falar de que se a prestación se fai en remoto, idéntico argumento pode servir para defender que sexa o campus de Lugo o que acolla os equipos e as persoas que atenden eses servizos. E isto porque, alén das posibilidades (e das limitacións) dunha atención a distancia, cómpre non perder de vista que un campus intégrano e danlle vida as persoas que o habitan a diario: hai aquí un compoñente humano e de relacións sociais que non se debe menosprezar, a risco de deixar convertida unha parte da USC nun territorio orfo de persoas e de obrigar aos seus usuarios a xestionar súas relacións institucionais unicamente por medios telemáticos e a distancia.
 - En relación estreita co punto anterior, está a continua pingueira de postos de traballo amortizados no campus de Lugo, que redundan nesta impresión de territorio periférico xestionado desde o exterior: o enxeñeiro técnico de Infraestruturas trasladouse a Compostela, a área TIC padece unha baixa de longa duración dun técnico (sen cubrir) e dúas xubilacións parciais de analistas que se cobren desde Compostela, a dirección da Fundación Rof Codina é asumida desde Compostela polo Xerente, a eliminación dunha praza no SNL en Lugo, a baixa non cuberta na área de Orientación Laboral, a perda na UXA da xefatura do Negociado de Admisión e Terceiro Ciclo, dun posto base e dun posto no Arquivo, as

amortizacións de postos nunha Biblioteca Intercentros que leva tempo traballando con menos persoal do minimamente imprescindible etc.

Por todo o anterior, dirixímonos ao Valedor da Comunidade Universitaria co obxectivo de acadar a súa mediación diante desta situación, e para que desde esa instancia se fagan chegar as nosas queixas aos órganos correspondentes da USC e se poñan en marcha as iniciativas oportunas para evitar a perda de valor que se está a producir no campus de Lugo.”

Admitido a trámite como unha queixa solicitouse informe en relación aos aspectos expostos, así como das posibles actuacións que se poidan levar a cabo para solucionar as posibles eivas que aprecian os presentadores da queixa, de ser o caso que existan.

Recibiuse o informe solicitado, no que o Sr. reitor da Universidade de Santiago de Compostela expón o seguinte:

“.../1.- O documento mencionado non recolle unha queixa contra ningunha actuación administrativa concreta do goberno da Universidade senón que se limita a enumerar *“situacións que, lonxe de redundar nun maior equilibrio entre os dous campus a nivel de persoal e servizos, afondan nunha situación estrutural na que o de Lugo perde posicións relativas a respecto ao de Compostela”*, sempre a xuízo dos asinantes.

2.- Dado que non hai ningunha queixa concreta contra actuacións administrativas, senón que, nos termos literais do escrito *“dirixímonos ao Valedor da Comunidade Universitaria co obxectivo de acadar a súa mediación diante desta situación, e para que desde esa instancia se fagan chegar as nosas queixas aos órganos correspondentes da USC e se poñan en marcha as iniciativas oportunas para evitar a perda de valor que se está a producir no campus de Lugo.”*, este escrito enmarcase nunha petición de cambio de políticas universitarias, que encaixa no exercicio do dereito de petición previsto no artigo 29.1 da Constitución e desenvolto na *Ley Orgánica 4/2001, de 12 de novembro, reguladora del Derecho de Petición*.

Por todo isto rógolle que, atendendo á natureza do escrito, e mesmo á petición expresa dos asinantes, lles informe de que a vía procedente para formular peticións ao abeiro da mencionada Lei Orgánica é a remisión destas á Reitoría a través do rexistro.”

Así pois, á vista do indicado no anterior informe, comunicóuselles que, se o estiman oportuno, deben de seguir o procedemento establecido no derradeiro parágrafo do escrito do Sr. reitor.

Q 2307/07

Tense recibido unha comunicación remitida pola Sra. delegada de Igualdade, na que indica que tras ter enviado a través da lista de distribución de correo da USC unha información sobre a *I Xornada de ecofeminismo do CIFEX. “Resistencia feminista ao colapso”* a celebrar en setembro, recibiu por parte dun alumno da USC un correo de resposta co seguinte texto:

“Venga putas que ya va a ganar vox y se os acaba el chiringuito retrasadas de mierda”. Polo que estima convinte a intervención do Valedor.

Dada a gravidade do posible feito denunciado, non acorde aos principios que deben rexer as actuacións de calquera membro da comunidade universitaria, recomendo que se inicie a correspondente información reservada para o seu esclarecemento e a adopción, no seu caso, das medidas que correspondan

Con posterioridade o Sr. reitor informa da incoación dun expediente disciplinario ao alumno.

Q 2307/08

Recibiuse nesta Institución un escrito referido a presuntas irregularidades nun concurso de provisión dunha praza docente, e o mesmo non foi admitido a trámite como unha queixa polos seguintes motivos:

- Presentarse nunha lista electoral ás eleccións sindicais non parece motivo suficiente para unha recusación dos membros do tribunal nin para prexulgar unha actuación dos mesmos non acorde á normativa.
- Por outra banda, con respecto á actuación da comisión aduce uns motivos que son de carácter eminentemente técnico e nos que non ten competencias o Valedor. Ademais temos coñecemento de que vostede ten presentada unha reclamación con data 14 de xullo de 2023 contra a non provisión baseándose na incorrecta valoración dos seus méritos e na ilegalidade dos criterios establecidos pola comisión, sendo esta actuación a que está contemplada na normativa para a defensa dos seus dereitos.

Q 2307/09

Recibiuse nesta Institución un escrito presentado por unha alumna referido ao proceso de avaliación do Traballo de Fin de Máster, que non puido ser admitido a trámite como unha queixa polo seguinte motivo:

- As presuntas irregularidades que comenta fan referencia ao trato dispensado polos membros do tribunal así como á valoración académica do seu traballo. No primeiro caso non temos medios de proba e no segundo non temos competencias para a revisión da cualificación e informóuselle que debería de seguir o procedemento establecido na *Normativa de Avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*, que se acompaña:

“II. Reclamación das cualificacións en estudos de máster, doutoramento e títulos propios.

1. Contra a cualificación outorgada polo profesorado encargado da docencia ou polo tribunal encargado da avaliación, que procederá conforme o disposto no artigo 128.2 dos Estatutos desta universidade, e 30 do Estatuto do estudante, o alumnado poderá interpoñer unha reclamación debidamente motivada dirixida á comisión académica no prazo de 10 días hábiles desde que se produciu a revisión. A reclamación será inadmitida polo coordinador nos casos indicados no punto anterior.”

3.- CONCLUSIÓNS

Para este Valedor é unha satisfacción constatar, en xeral, o importante compromiso tanto dos órganos da universidade como dos membros da comunidade universitaria aos que lle foi solicitada a súa colaboración. Máis alá do establecido no artigo 11 do Estatuto do Valedor amosaron sempre unha actitude encomiable polo que é obrigado o meu recoñecemento.

Neste curso tiveron lugar de acordo co Estatuto do Valedor as preceptivas reunións da Comisión de Asesoramento e Axuda ao Valedor. Quero agradecer ás integrantes da comisión a súa dispoñibilidade e dedicación e sinalar o papel desenvolvido no funcionamento do Valedor da Comunidade Universitaria. Lamentablemente nesta comisión non participou a representación do alumnado por non terse presentado candidatos á oportuna elección.

Un dos obxectivos desta Institución é que as accións emprendidas estean sempre presididas polo espírito de colaboración para tentar de solucionar ou mellorar os problemas e ineficiencias que se poidan detectar. A lectura das intervencións levadas a cabo ao longo deste curso permiten detectar algunhas situacións que pola súa incidencia deben ser destacadas para lembrar a necesidade de que pola USC se adopten as medidas correctoras que sexan precisas.

Neste curso fixéronse, por parte dos estamentos da Universidade, aínda que sobre todo por parte do estudiantado, (61,76% das consultas) e a través de distintos medios, 68 consultas solicitando información e/ou axuda sobre diferentes cuestións que logo normalmente non remataron na presentación de queixas. Algo máis da metade delas versaron sobre aspectos relativos á docencia e avaliación e tamén a procedementos de xestión. 35 destas consultas tiveron que ver con estes dous temas, é dicir, o 51,48%.

En canto as queixas recibidas, presentáronse un total de 66. Destas, houbo 5 que non foron admitidas a trámite ben por non apreciarse nelas ningunha conculcación de dereitos de algún membro da comunidade universitaria, por desbordar as competencias do Valedor ou por estar fóra do seu ámbito de actuación.

Na páxina 73 desta memoria preséntase, seguindo o procedemento de memorias anteriores, unha táboa coas queixas recibidas, estruturadas por temas. Esta é unha organización estándar empregada en moitas das Defensorías universitarias. Porén é necesario salientar que esta distribución é complexa e relativamente arbitraria no sentido de que unha queixa podería incluírse en máis dun tema. Así pois, o que se pretende con esta táboa é proporcionar unha visión xeral dos temas das queixas, máis que unha visión detallada para o que é imprescindible analizar as queixas de xeito particular.

Como se pode observar hai 6 temas que abranguen unha boa parte das queixas presentadas e que supoñen algo máis do 60% (60,58%). De xeito moi resumido os temas indicados por orde de frecuencia son os que seguen:

1.- Docencia e avaliación académica. Un curso máis, aparece manifestada a incidencia de temas relacionados con cuestións docentes e avaliación, reflectida na frecuencia das queixas e sobre todo no número de consultas que se fan (aínda que logo non se traduzan en queixas).

No referido á cuestión docente presentáronse seis queixas que teñen que ver con aspectos moi diferentes como cambios ou redución de horarios, ausencia de docencia ou non consideración de dispensa de asistencia. Polo que atinxe ao tema de avaliación (cinco queixas) os temas expostos refírense ao procedemento de revisión ou desacordos coa avaliación. Seguen pendentes de abordar as situacións anómalas derivadas da coincidencia de exames ou da imposibilidade de asistencia aos exames por problemas de saúde, a este respecto é preciso sinalar que a súa solución implica cambios normativos.

2.- Procedementos administrativos. Nesta categoría aparecen recollidos todo tipo de procedementos relacionados con distintas instancias, o que fai que sexa unha categoría moi ampla polo que é preciso relativizala. Non obstante este curso aparecen como temas importantes a exención de prezos de matrícula solicitada por diferentes causas, por exemplo matrículas de honra, ou dificultades na obtención de certificacións.

3.- Procesos selectivos. Baixo este epígrafe aparecen recollidas queixas que reflicten certa problemática relacionada fundamentalmente coa selección de persoal. Aínda que estes procesos abranguen tanto a PDI como a PTXAS, a maioría delas foron presentadas por persoal docente (só unha das queixas foi presentada por un membro do colectivo do PTXAS). Os escritos fundamentalmente teñen que ver con discrepancias coa normativa que se emprega nesta universidade e en menor medida co procedemento para a sinatura dos contratos.

4.- Máster, doutoramento e títulos propios. Nas queixas agrupadas neste ámbito non se observa ningún aspecto concreto onde se poidan apreciar ineficiencias, dado que, en xeral, fan referencia a cuestión máis ben puntuais, que sen dúbida precisan corrixirse, pero que non son xeneralizables. Dúas queixas teñen que ver co doutoramento (presentación de tese ou baixa no programa), unha relativa a máster (presencialidade) e outra ao incumprimento da convocatoria de prazas nun título propio.

5.- Intercambio. Baixo esta etiqueta agrúpanse as queixas que están relacionadas cos diferentes programas de intercambio que poden ser solicitados polo alumnado. O número maior de queixas reflicte diferentes aspectos do programa ERASMUS, como por exemplo cambio de requisitos unha vez concedido o destino. Outras refírense ao convenio bilateral con países extracomunitarios ou co sistema de adjudicación dos dispositivos de prácticas ao alumnado de intercambio proveniente doutras universidades.

6.- Condicións laborais e de xestión de persoal. Neste caso tamén aparecen recollidas queixas presentadas tanto polo PDI como polo PTXAS. En ambos casos os temas son variados. Polo que atinxe ao PDI dende problemas de conciliación, ata a non adscrición a unha sección departamental ou non certificación de docencia impartida. As queixas presentadas polo PTXAS relaciónanse tamén coas dificultades para a conciliación ou a non certificación da categoría laboral.

No texto, co termo “**Recomendación**” que sigue ao número de queixa, aparecen sinaladas as 10 recomendacións que se fixeron neste curso aos responsables de diferentes instancias. Foron aceptadas na súa totalidade 9 das recomendación e 1 delas foi aceptada parcialmente. Por outra parte, todas as recomendacións derivaron dalgunha queixa específica presentada na oficina do Valedor. En 6 casos xa se rematou o procedemento.

Por último dende a perspectiva institucional e de relación con outras instancias de diferentes niveis, a USC, como ven sendo habitual, participou na Conferencia Estatal de Defensorías Universitarias (CEDU), foro que permite a colaboración, prestación de axudas, elaboración de documentos..., en definitiva a coordinación dos defensores para prestar un mellor servizo á comunidade.

No mes de setembro do 2022, en concreto dende o 28 ao 30, tivo lugar o *Encontro Estatal de Defensorías Universitarias*. Nesta ocasión a USC tivo a honra de organizar este *XXIV Encontro* que se celebrou na Facultade de Medicina e no que se trataron os seguintes temas:

- Análise do estado de aplicación da lei de convivencia universitaria.
- Saúde mental no ámbito universitario.
- Evolución da figura do defensor universitario e a súa configuración na lei do Sistema Universitario Español (LOSU).
- Dereitos laborais do PDI ao inicio da súa carreira profesional.

É de salientar a participación do Defensor del Pueblo, D. Ángel Gabilondo, que pronunciou unha magnífica conferencia de clausura co título de “*Condicions do Defensor Universitario*”

En maio de 2023, participouse nunha xornada técnica organizada pola Defensoría da Universidade Camilo José Cela de Madrid que tivo lugar nesta cidade na que se traballou por parte dos defensores o tema de “*Ley reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción*” e o tema de “*Procedementos de regulación da confidencialidade na administración*” por parte do persoal das secretarías.

Como membro da Comisión Executiva da Rede Iberoamericana de Defensores Universitarios (RIIdU), o Valedor participou nas reunións de dita comisión celebradas por cuestión de heteroxeneidade xeográfica de xeito telemático.



En virtude do compromiso de colaboración entre os/as Valedores/as das universidades galegas e os/as Provedores/as das universidades do norte de Portugal (Universidade de Porto, Instituto Politécnico de Porto, Universidade do Minho e Universidade de Tras os Montes e Alto Douro). En decembro de 2022 tivo lugar na Universidade da Coruña unha xornada de traballo na que se trataron temas comúns de interese para todas as universidades, nesta ocasión os 2 temas analizados versaron sobre aspectos do sistema de permanencia do estudiantado na universidade e sobre a cuestión de como as universidades afrontan os problemas de comportamento e convivencia dos seus membros.

Mantivéronse tamén diversas reunións e contactos na Rede de Defensores Universitarios Galegos (REDUGA), foro onde se analizan e discuten problemas que afectan máis especificamente ao conxunto do sistema universitario galego.

4.- REFERENCIAS ESTADÍSTICAS

QUEIXAS POR SECTORES:



Nº. de queixas	66
Estudantes:	39
PDI:	19
PTXAS:	6
Outros	2



ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS


MES	Curso 21/22	Curso 22/23
Setembro	10	8
Outubro	9	13
Novembro	3	3
Decembro	1	5
Xaneiro	1	4
Febreiro	4	5
Marzo	2	4
Abril	6	3
Maio	5	7
Xuño	9	5
Xullo	5	9
Agosto	0	0
Total curso	55	66

nº de queixas por curso



PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas	66	
Prazo tramitación	nº de queixas	porcentaxe
1 Mes:	49	⇒ 74%
2 Meses:	11	⇒ 17%
3 Meses:	1	⇒ 1%
> 3 Meses:	5	⇒ 8%



DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
PLANOS DE ESTUDO E RECOÑECEMENTOS	3
DOCENCIA E AVALIACIÓN ACADÉMICA	11
PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS	8
MÁSTER, DOUTORAMENTO E TÍTULOS PROPIOS	5
SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	2
BOLSAS-AXUDAS	1
ACTIVIDADE INVESTIGADORA E PUBLICACIÓNS	1
CONCILIACIÓN ESTUDANTES	1
INTERCAMBIO	5
RELACIÓNS DE CONVICENCIA	1
IGUALDADE E XÉNERO	3
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ADAPTACIÓNS	4
PROCESOS SELECTIVOS-PROVISIÓN PERSOAL	6
CONDICIÓNS LABORAIS E DE XESTIÓN DE PERSOAL	5
PRÁCTICAS CURRICULARES Y EXTRACURRICULARES	1
USO DO IDIOMA	2
TFG E TFM	4
OUTROS	3

